

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excm. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 24 de FEBREIRO de 2012**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión Plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 24 de febreiro de 2012, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

***Declaración institucional**

Actas

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 1/12, do 31 de xaneiro.

2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1 á nº 1.700, de 2012.

3.-Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria de marzo 2012.

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

4.-Ratificar a solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras contidas no proxecto de ampliación e mellora do trazado da DP-8001 de Cruces a Penabranca PK 0-0.24 (Sobrado) incluído na Programación de investimentos en vías provinciais 2009-2011 e desestimar as alegacións presentadas.

5.-Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade de distintos tramos de estradas ao Concello de Boiro e do Concello de Boiro á Deputación Provincial da Coruña, da forma que se indica: transferir a titularidade ao Concello de Boiro do tramo de estrada da DP 1106 (Boiro a Cespón) comprendido entre os PK 0+000 a 0+700, e que pase a ser titularidade da Deputación Provincial da Coruña a estrada municipal de Boiro a San, entre os PK 0+000 (Rotonda Avda. da Constitución) e 0+350 (cruce de San).

6.-Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade ao Concello da Coruña da estrada EP 3002 da Moura a Bens, ao transcorrer integramente polo citado termo municipal.

7.-Aprobar o texto e a formalización dun convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia Galega de Infraestruturas (Xunta de Galicia) para levar a cabo o acondicionamento da conexión das estradas AC-552, AC-551 e DP-0509 e aprobación da mutación demanial subxectiva de terreos propiedade da Deputación situados na vía provincial DP-0509, necesarios para a construción dunha glorieta no Polígono de Sabón para a súa cesión á Xunta de Galicia.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

8.-Concesión da distinción de “Deputado Honorario”.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

9.-Toma de coñecemento da liquidación do Orzamento da Deputación provincial e do informe sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria correspondente ao exercicio 2011.

10.-Toma de coñecemento dos informes sobre o estado de tramitación das facturas recibidas con anterioridade ao 30 de setembro de 2011, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, do 6 de xullo de 2010).

11.-Expediente de modificación das previsións de ingresos e modificación da Base 30 das de execución do Orzamento 2012.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

12.-Proposta para o exercicio de actividades culturais no Teatro Colón:

12.1.-Proposta para o exercicio de actividades culturais no Teatro Colón.

12.1.a.Iniciativa para o exercicio de actividades en réxime de libre concurrencia.

12.1.b.Ratificación da Comisión de Estudo.

12.1.c.Toma en consideración da memoria elaborada pola Comisión.

12.1.d. Declaración do interese público provincial do Servizo Público que se rexerá polo Regulamento.

12.1.e.Proposta da Presidencia sobre a forma de xestión do Servizo Público.

12.2.-Aprobación do Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión.

12.3.-Regulamento do Servizo. Normas de funcionamento do Teatro Colón. Aprobación inicial.

13.-Ratificación do acordo de cesión do uso dos terreos do Monte Costa ao Concello de Culleredo con modificación dos usos aos que se poden destinar os terreos e autorización de movementos de terra e desmorte.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

14.-Aprobar a 1ª fase da anualidade 2012 do proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos Feder.

15.-Aprobar a modificación do proxecto da obra “2ª fase saneamento en Sorrizo”, do Concello de Arteixo, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2010, co código 10.2100.0015.0.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 24 DE FEBREIRO DE 2012

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 24 de febreiro de 2012, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DONA MARÍA DOLORES FARALDO BOTANA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN	PP
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON ANTONIO NEGREIRA NOYA	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA

PP
PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Antes de empezar co punto primeiro da orde do día, foi presentada unha proposta como declaración institucional, que creo que é apoiada por todos os grupos, entón imos dar lectura á mesma.

Sr. Secretario

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO RESPECTO DO 175 ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE ROSALÍA DE CASTRO.

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (PP, PSdeG-PSOE e BNG), presentan a seguinte:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente

contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Polo exposto anteriormente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña comprométese a continuar apoiando a promoción da obra de Rosalía de Castro desde as áreas de Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística desta institución.

1.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 1/12, DO 31 DE XANEIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 1/12, do 31 de xaneiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 1 Á Nº 1.700, DE 2012.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1 á nº 1.700, de 2012.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DE MARZO 2012.

Por unanimidade, ratifícase a inclusión da proposición na orde do día e apróbase por unanimidade a seguinte proposición da Presidencia:

“Don Diego CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de marzo correspondería celebrala o día 30 dese mes, inmediatamente antes das festas da primeira semana de abril, e que esta circunstancia e a axeitada preparación e resolución de expedientes de notable importancia para a provincia aconsellan atrasar algúns días a celebración da devandita sesión ordinaria,

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión plenaria do 29 de xullo de 2011,

PROPÓN AO PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao terceiro mes de 2012 celebrarase o día 10 de abril, martes, a partir das doce horas”.

4.-RATIFICAR A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA DP-8001 DE CRUCES A PENABRANCA PK 0-0.24 (SOBRADO) INCLUÍDO NA PROGRAMACIÓN DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 E DESESTIMAR AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“

1. Dáse por cuberta a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 8001 DE CRUCES A PENABRANCA DO PK 0,000 A PK 0,240 (SOBRADO)
2. Ratifícase a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, e desestimar as alegacións presentadas tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:
 - Actualmente a estrada DP 8001, no tramo obxecto de proxecto, ten unha calzada moi estreita con anchos inferiores aos 4 m, carece de beiravías, posúe un trazado sinuoso con curvas de radios de ata 20 m, nun ámbito urbano, creando zonas onde é imposible o cruzamento de dous vehículos e na que non existe visibilidade. Estas condicións dificultan a seguridade na circulación, e no tránsito de peóns ao non existir beirarrúas.
 - O tramo de estrada obxecto do proxecto presenta un tráfico considerable para as moi precarias condicións actuais .
 - As obras proxectadas consisten na modificación do trazado da estrada actual e en modificación da sección actual, demolendo unha edificación contigua á estrada, que actualmente provoca un gran estreitamento na calzada e impide o cruzamento de vehículos, aumentado considerablemente a visibilidade, creando beirarrúas e aparcadoiro na zona urbana, e ampliando a calzada a unha con 2 carrís de 3,5m cada un.
 - Por todo iso, entendemos que, sendo o obxecto das actuacións do proxecto a mellora das condicións de seguridade viaria, agora moi restrinxidas polas deficientes características xeométricas da estrada actual, está plenamente xustificada a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados co

fin de mellorar as citadas condicións diminuindo, polo tanto, o risco de accidentes de circulación.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

5.-APROBAR O EXPEDIENTE DE MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA E EN CONSECUENCIA TRANSFERIR A TITULARIDADE DE DISTINTOS TRAMOS DE ESTRADAS AO CONCELLO DE BOIRO E DO CONCELLO DE BOIRO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, DA FORMA QUE SE INDICA: TRANSFERIR A TITULARIDADE AO CONCELLO DE BOIRO DO TRAMO DE ESTRADA DA DP 1106 (BOIRO A CESPÓN) COMPRENDIDO ENTRE OS PK 0+000 A 0+700, E QUE PASE A SER TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA A ESTRADA MUNICIPAL DE BOIRO A SAN, ENTRE OS PK 0+000 (ROTONDA AVDA. DA CONSTITUCIÓN) E 0+350 (CRUCE DE SAN).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Apróbase o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade de distintos tramos de estradas ao Concello de Boiro e do Concello de Boiro á Deputación Provincial da Coruña, da forma que se indica:

- Transferir a titularidade ao Concello de Boiro do tramo de estrada da D.P. 1106 (Boiro a Cespón) comprendido entre os pk 0+000 a 0+700
- E que pase a ser titularidade da Deputación Provincial da Coruña, a estrada municipal de Boiro a San, entre os PK 0+000 (Rotonda Avda. da Constitución) e 0+350 (cruce de San)

2.- Formalizar co Concello da Coruña as correspondentes actas de entrega e recepción que perfeccionarán o cambio de destino dos bens .

3.- Dar da baixa no inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña os bens:

- tramo de estrada da D.P. 1106 (Boiro a Cespón) comprendido entre os pk 0+000 a 0+700

4.- Dar de alta o inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña os bens:

- a estrada municipal de Boiro a San, entre os PK 0+000 (Rotonda Avda. da Constitución) e 0+350 (cruce de San).”

6.-APROBAR O EXPEDIENTE DE MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA E EN CONSECUENCIA TRANSFERIR A TITULARIDADE AO CONCELLO DA CORUÑA DA ESTRADA EP 3002 DA MOURA A BENS, AO TRANSCORRER INTEGRAMENTE POLO CITADO TERMO MUNICIPAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Apróbase o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir a titularidade ao Concello da Coruña da estrada E.P. 3002 DA MOURA A BENS, ao transcorrer integramente polo citado termo municipal.

2.- Formalizar co Concello da Coruña as correspondentes actas de entrega e recepción que perfeccionarán o cambio de destino dos bens .

3.- Dar da baixa no inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña os citados bens.”

7.-APROBAR O TEXTO E A FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (XUNTA DE GALICIA) PARA LEVAR A CABO O ACONDICIONAMENTO DA CONEXIÓN DAS ESTRADAS AC-552, AC-551 E DP-0509 E APROBACIÓN DA MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA DE TERREOS PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN SITUADOS NA VÍA PROVINCIAL DP-0509, NECESARIOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA NO POLÍGONO DE SABÓN PARA A SÚA CESIÓN Á XUNTA DE GALICIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a formalización e o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia Galega de Infraestruturas (Xunta de Galicia) para levar a cabo o acondicionamento da conexión das estradas AC-552, AC-551 e DP-0509, cunha achega máxima por parte da Deputación de 750.000,00 € (con respecto a un orzamento de execución de 10.191.884,32 €) que se fará efectiva con cargo á aplicación 0401/453A/750.01do vixente orzamento,

2.- Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir á Xunta de Galicia, para a súa adscrición á Axencia Galega de Infraestruturas, a titularidade dos terreos necesarios para construír unha rotonda a nivel superior no polígono de Sabón, que conecte as estradas AC-552, AC-551 E DP-0509.

O tramo que se transfíre forma parte do vial provincial existente D:P 0509 (REDE VIARIA DO PÓLIGONO DE SABÓN) denominado “ Avenida da Deputación Vial nº 1, cunha superficie desde a orixe do vial de 160 m

3.- Formalizar coa Axencia Galega de Infraestruturas as correspondentes actas de entrega e recepción que perfeccionarán o cambio de destino dos bens.

4.- Dar de baixa no inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña os citados bens.

5.- Facultar ao presidente da Deputación para a execución do presente acordo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA LEVAR A CABO O ACONDICIONAMENTO DA CONEXIÓN DAS ESTRADAS AC-552, AC-551 E DP 0509.

Santiago de Compostela, de de 2012

REUNIDOS

Dunha parte, don Agustín Hernández-Fernández de Rojas, presidente da Axencia Galega de Infraestruturas, con CIF Q1500376-G en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, don Diego Calvo Pouso na súa condición de presidente da Deputación Provincial da Coruña, que actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e para tal efecto.

EXPOÑEN

A conxestión de vehículos nas estradas que dan acceso á zona industrial de Arteixo fai necesaria a reordenación da rotonda de Sabón, mediante a execución dunha rotonda a nivel superior mantendo a rotonda actual á que só estarán conectadas as estradas DP 0509, de titularidade provincial e as estradas AC-55 e AC-552 do lado de Vilarodís (dirección A Coruña) de titularidade autonómica mediante ramais de acceso. Deste xeito evítanse as interferencias que se producen entre os vehículos que circulan en dirección A Coruña-Arteixo e os vehículos que desexan acceder ao Polígono de Sabón dende a AC-551 e a AC-552 sentido A Coruña, dado que os primeiros circulan pola glorieta inferior e o resto pola superior, repartindo os dous tráfico principais entre as dúas glorietas.

Estas actuacións supoñen grandes beneficios para as vías que se ven involucradas, tanto na fluidez e mellora da capacidade de tráfico das vías como nas características xeométricas do seu trazado, coa conseguinte mellora da seguridade viaria e aforro nos tempos de viaxe. Por todo isto e, por actuar sobre as estradas das dúas administracións e na intersección que involucra as ditas estradas, crese necesario a sinatura dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Axencia Galega de Infraestruturas para a execución da obra de referencia, asumindo así ambas as dúas administracións o custo procedente da execución das obras que materialice a mellora na intersección antes mencionada.

Co fin de regular a colaboración entre ambas as dúas administracións, para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Deputación Provincial da Coruña que permitan

realizar as obras de “*acondicionamento da conexión das estradas AC-552, AC-551 e DP 0509.*”

O orzamento de execución destas obras estímase en DEZ MILLÓNS CENTO NOVENTA E UN MIL OITOCENTOS OITENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (10.191.884,32 €).

SEGUNDA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A Deputación Provincial da Coruña, obrígase a:

1. Participar no financiamento da obra para o que achegará unha cantidade máxima de 750.000 euros.

Non se financiarán incrementos por liquidación do contrato, modificados de proxecto ou obras complementarias.

A Deputación da Coruña transferirá a dita cantidade á Axencia Galega de Infraestruturas de acordo coa seguinte anualidade, que se considera máxima:

2012..... 750.000,00 euros

As achegas realizaranse con cargo aos presupostos xerais da Deputación Provincial da Coruña para o ano 2012.

Os libramentos efectuaranse contra obra executada, unha vez xustificada a realización do gasto mediante certificación aprobada por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Estes libramentos realizaraos a Deputación da Coruña, dentro dos prazos establecidos na Disposición transitoria 6ª do Texto refundido da lei de contratos do sector público, contados a partir do día seguinte á recepción da documentación xustificativa do gasto realizado.

2. Poñer a disposición da Axencia Galega de Infraestruturas os terreos de dominio público necesarios para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira e de conformidade co proxecto aprobado pola Resolución do 11 de xullo de 2011 da Dirección Xeral de Infraestruturas.

3. Antes da sinatura do presente convenio, a Deputación deberá achegar á Axencia Galega de Infraestruturas, o compromiso recollido no apartado anterior do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local.

Así mesmo, respecto ao compromiso de asunción de obrigas económicas, a Deputación Provincial de Coruña deberá, con anterioridade á sinatura do convenio, achegar certificado de existencia de crédito orzamentario suficiente e retido para o fin deste convenio nos seus orzamentos, así como o compromiso de formalizar os libramentos económicos a medida que os solicite a Consellería, de acordo co establecido no apartado 1 desta cláusula segunda.

4. A Deputación Provincial da Coruña, como trámite previo á adxudicación das obras, achegará a certificación xustificativa da efectiva disposición dos terreos de dominio público afectados á obra obxecto de convenio, nos termos do apartado 2 precedente.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

1. Aprobar o proxecto que contemple as obras establecidas no presente convenio. O proxecto de trazado foi aprobado pola Dirección Xeral de Infraestruturas o 11 de xullo de 2011.

2. Financiar as obras, obxecto deste convenio, segundo o proxecto, destinando para iso ata un máximo de nove millóns catrocentos corenta e un mil oitocentos oitenta e catro euros con trinta e dous céntimos (9.441.884,32 €) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Este importe efectuarase con cargo á partida orzamentaria 2011 07 04 512B 600.1 número de proxecto 1994-06057 e distribuído do seguinte xeito:

2012.....	250.000,00 €
2013.....	4.000.000,00 €
2014.....	5.191.884,32 €

3. Levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción destas.

4. Asumir o compromiso de executar as expropiacións necesarias para a execución do proxecto aprobado unha vez que o Decreto 159/2011 do 21 de xullo declarou a utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de acondicionamento da conexión das estradas AC-552, AC-551 e DP 0509 .

5. Asumir, unha vez realizadas as obras a explotación, mantemento e conservación das obras realizadas, adquirindo as responsabilidades correspondentes como ente titular destas.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de Seguimento formada por un representante da Axencia Galega de Infraestruturas e outro representante da Deputación Provincial da Coruña.

As súas funcións, entre outras serán as seguintes:

-Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, polo que propoñerá as actuacións que se consideren precisas.

-Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.

-Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se consideren oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa, e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais, e outros entes de dereito público, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.

SEXTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, polo presidente da Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo así fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción deste convenio:

- Incumprimento do seu obxecto
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- Incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións establecidas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, ou a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente da súa rescisión.

SÉTIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A vixencia manterase ata a entrega das obras no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificadas, poida esta Consellería e a Deputación acordar, se así se estimase, tras a correspondente solicitude a través da comisión de seguimento citada na cláusula cuarta unha ampliación dos prazos.

En todo caso, para os efectos económicos, a eficacia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2014. Non obstante seguirá producindo efectos en tanto en canto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

O presente convenio obriga a cumprir o expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día _____ de dous mil doce.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio en exemplar triplicado.

O PRESIDENTE DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS **O PRESIDENTE DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA**

Agustín Hernández-Fernández de Rojas Diego Calvo Pouso

8.-CONCESIÓN DA DISTINCIÓN DE “DEPUTADO HONORARIO”.

INTERVENCIONS

Sr. Regueira Varela

Bos días a todos e a todas. En todo caso, redundando na intervención do Pleno anterior sobre este mesmo asunto, seguimos considerando que neste momento de fonda crise económica, de recesión, se cadra estes temas parecen mesmo unha frivolidade, pero é que canta máis documentación consta no noso poder, máis razóns temos para expresar o noso voto negativo a esta concesión de deputados honorarios ás persoas que se propoñen. A nós gustaríanos que coa placa conmemorativa tamén se achegasen os currículos que se nos pasaron na Comisión, os currículos dos deputados propostos para esta distinción, porque imos distinguir a absolutistas, imos distinguir a conspiradores contra a Constitución que estaban a debater e que posteriormente aprobaron, imos distinguir algún delator e algún defensor da tortura, eu creo que, evidentemente, son trazos honoríficos singulares, por tanto nós queremos manifestar ou recalcar que nos parece un pouco disparatado este asunto e que seguimos estando diametralmente en contra desta distinción a estes señores deputados que, salvo honrosas excepcións, que tamén as hai, pensamos que non son merecedores de tal honra.

Sr. Freire Abeijón

Grazas, presidente, Sres. deputados, manifestar simplemente que non entramos a valorar a personalidade de cada un destes deputados aos que se pretende honrar hoxe e tampouco o contexto que seguramente determinados comportamentos e determinadas maneiras de actuar non serían comprensibles na época actual pero estamos a falar dun período totalmente distinto, de hai douscentos anos, e que o obxectivo desta Deputación é, dalgunha maneira, honrar e facer mención a ese inicio dun novo período, sen entrar, como dicía, a profundar nas cuestións persoais e na forma de actuar de cada un deles.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, simplemente para dicir que nos ratificamos no exposto no Pleno anterior onde se falou xa deste tema, entendemos que é unha distinción honoraria a todos os deputados da provincia que participaron na elaboración e na aprobación da Constitución de Cádiz, unha Constitución que todos anhelabamos cando non tiñamos Constitución en España e que entre outras cousas supuxo o outorgamento do sufraxio popular, supuxo a separación de poderes, supuxo a abolición do absolutismo, e supuxo, en definitiva, a modernidade. Indubidablemente dentro dos deputados que conformaron esa Constitución había absolutistas, había liberais, había quen defendían a monarquía absolutista e había quen defendía o réxime liberal, pero hoxe o que facemos é honralos a todos pola marabillosa Constitución que nos deron en 1812 e que serviu de modelo a moitas Constitucións de Hispanoamérica e, como dicía ao principio da miña intervención, era unha Constitución que os demócratas da ditadura

sempre suspirabamos por ela, xunto coa Constitución do ano 1936. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Moitas grazas pola intervención. Simplemente facer unha nota de que a concesión de distinción de deputado honorario vai ter un custo ridículo, que se vai a limitar única e exclusivamente á placa que no seu momento se poña, dígoo en relación a esa alusión que facía o portavoz do BNG.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 5 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.-Conceder a distinción de “Deputado Honorario”, a título póstumo, ás seguintes personalidades que participaron na deliberación e aprobación da Constitución Española de 1812:

D. Antonio Payán
D. Antonio M^a Parga y Puga
D. Benito Ramón Hermida
D. Francisco Pardo y Patiño
D. José Alonso López Nobal
D. José Salvador López del Pan
D. Luís Rodríguez del Monte y Pardo
D. Pedro Ribera Pardo
D. Manuel Ros de Medrano
D. José María Suárez de Riobóo
D. Vicente Castro Lavandeira
D. Joaquín Tenreiro de Montenegro y de la Hoz

2º.-Para perpetuar a súa memoria e a do acordo de concesión, colocar unha placa de bronce alusiva ao nomeamento e á conmemoración do bicentenario da Constitución Española de 1812, en lugar destacado no pazo provincial.”

9.-TOMA DE COÑECEMENTO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E DO INFORME SOBRE A AVALIACIÓN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento da aprobación da liquidación do presuposto e do informe sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade presupostaria correspondente ao exercicio 2011.”

10.-TOMA DE COÑECEMENTO DOS INFORMES SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS RECIBIDAS CON ANTERIORIDADE AO 30 DE SETEMBRO DE 2011, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO DE 2010).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro: Tomar coñecemento dos informes emitidos pola Intervención e a Tesourería provincial en cumprimento do establecido nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.

Segundo: Dispor que se proceda á publicación dun anuncio na páxina web da Deputación no que se indique que a documentación referenciada no apartado anterior está ao dispor dos interesados para o seu exame e consulta no Servizo de Contabilidade.

Terceiro: Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

11.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS PREVISIÓNS DE INGRESOS E MODIFICACIÓN DA BASE 30 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Modificar as previsións iniciais de Ingresos do Orzamento Provincial do Exercicio 2012 para substituír as operacións de crédito destinadas a financiar o Plan de obras e servizos (4.000.000,00 €) e o Plan de conservación de vías provinciais (4.400.000,00 €) polos recursos propios que resultan do remanente de tesourería dispoñible para gastos xerais do exercicio 2011. (8.400.000,00 €).

2º) Modificar a Base 30ª de execución do Orzamento do Exercicio 2012 que quedará redactada nos seguintes termos:

BASE 30ª. FINANCIAMENTO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) E DO PLAN DE CONSERVACIÓN. VÍAS PROVINCIAIS DO EXERCICIO 2012

No exercicio 2012 o financiamento do Plan de obras e servizos (POS) e do Plan de conservación vías provinciais, realizarase de acordo coas seguintes previsións:

EXPLICACIÓN DO GASTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ACHEGA DEPUTACIÓN		ACHEGA ESTADO	ACHEGA CONC.	TOTAL	
		PRÉSTAMO	FOND. PROPIOS			PRESUP. PROV.	1. GASTO
POS. Gasto Corrente	0501/459A/462.01	0,00	7.520.000,00	0,00	0,00	7.520.000,00	7.520.000,00
POS. Investimentos	0501/459A/762.01	0,00	6.656.221,83	3.023.778,17	509.473,68	9.680.000,00	10.189.473,68
P.Conservación. vías prov.	0401/453A/619.00	0,00	6.000.000,00	0,00	0,00	6.000.000,00	6.000.000,00
TOTAIS		0,00	20.176.221,83	3.023.778,17	509.473,68	23.200.000,00	23.709.473,68

De conformidade co establecido no artigo 173.6 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo; a dispoñibilidade dos créditos orzamentarios queda condicionada á confirmación da achega estatal polo importe que está previsto financiar por esta fonte de financiamento.

3º) Dispor a exposición ao público do expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de posibles reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do Real decreto 500/1990.

Se transcorrido o devandito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentasen reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º) O resumo por capítulos do estado de ingresos do citado expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

12.-PROPOSTA PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO TEATRO COLÓN:

- 12.1.-Proposta para o exercicio de actividades culturais no Teatro Colón.
 - 12.1.a.Iniciativa para o exercicio de actividades en réxime de libre concorrancia.
 - 12.1.b.Ratificación da comisión de estudo.
 - 12.1.c.Toma en consideración da memoria elaborada pola comisión.
 - 12.1.d. Declaración do interese público provincial do servizo público que se rexerá polo regulamento.
 - 12.1.e.Proposta da Presidencia sobre a forma de xestión do servizo público.
- 12.2.-Aprobación do Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión.
- 12.3.-Regulamento do servizo. Normas de funcionamento do Teatro Colón.
Aprobación inicial.

INTERVENCIONES

Sr. Regueira Varela

Aquí preséntasenos o modelo, que foi o modelo que propuxo o goberno, que poden compartir outras forzas políticas pero que é o modelo do goberno onde o BNG, canto menos, non tivo posibilidade de contrastar cal era o noso modelo de xestión para esa infraestrutura e, en todo caso, nós defendiamos un modelo totalmente diferente que era o de que ese espazo fose un espazo cultural público, nós entendiamos ou propuñamos que a mellor fórmula de xestión dese espazo era un convenio público a tres, Xunta de Galicia, Concello da Coruña e Deputación da Coruña pero o BNG non estaba pechado en banda a outras iniciativas, nós estabamos dispostos mesmo a colaborar nun entendemento, nunha xestión que puidese ser tamén público-privada, a condición de que a parte privada fose unha entidade sen ánimo de lucro como viña sendo ata hai pouco tempo, pero neste caso o que se está propondo á aprobación deste Pleno é a cesión a unha entidade privada, que pode ser con ánimo de lucro, dun patrimonio que lle custou ás arcas desta administración sobre trece millóns de euros, que o imos ceder para que se poida lucrar a través da súa xestión e que ademais estamos dispostos a subvencionalo con 300.000 euros para que se lucre, nós non podemos compartir este modelo. Pensamos que é un modelo totalmente diferente ao que viña desenvolvendo ata o de agora, co que xa non estivemos totalmente de acordo e aquí hai voces que poden ratificar o que estamos a dicir. Nós xa no seu momento defendemos claramente a xestión pública deste patrimonio pero, en todo caso, cremos que o modo non foi o correcto, cremos que se debeu de dar un debate máis vivo e máis intenso e se cadra contrastar as diferentes alternativas que puidésemos ter os grupos políticos con representación nesta administración e, en todo caso, o BNG estaba aberto a colaborar e chegar a un termo medio en vías de xestión, xa digo, mesmo estabamos dispostos a buscar a colaboración público-privada na xestión, pero nós entendemos que este modelo, o modelo finalmente que se trae a aprobación, é un modelo co que non podemos estar de acordo, porque entendemos que é claramente prexudicial para os

intereses desta administración e que, ademais, imos colaborar economicamente mesmo, en que unha empresa poida sacar proveito económico da xestión dun patrimonio moi importante para a provincia da Coruña, mesmo para Galicia.

Sr. Freire Abeijón

Bos días, respectamos a opinión do grupo do BNG pero temos que dicir que se celebraron unha serie de comisións previas a este Pleno, primeiro unha comisión de estudo que se celebrou o pasado 16 de febreiro, no que, que eu teña constancia, por parte deste grupo non se fixo ningunha achega concreta sobre modelos alternativos de xestión, e a pesar de que a documentación foi entregada o mesmo día pola mañá, había posibilidade de ter e desexo de facelo, a posibilidade de facer algunha proposta alternativa, posteriormente, catro días máis tarde, celebrouse a Comisión Informativa correspondente de Contratación, e tampouco se fixo ningunha proposta, e respectamos esa opinión, pero temos que dicir que se se prevé a posibilidade de dotar con 300.000 euros a partida correspondente para financiar parte das actividades é fundamentalmente para garantir unha calidade das actuacións e das actividades que se van desenvolver no Teatro Colón. De non ser así correríamos o risco de que diminuíse considerablemente a calidade destas actuacións e que baixase o seu nivel con respecto ao que viña celebrando nos últimos anos. Ter presente tamén que neste momento unha fonte de financiamento como era a achega por parte da Fundación Caixa Galicia, desaparece, e lógicamente hai que buscar mecanismos que garantan a calidade desas actividades.

Paralelamente, dicir que a pesar de que se contemplan 300.000 euros, cabe a posibilidade, a través do concurso, que as empresas ofertantes poidan facer unha baixa con respecto a esa contía de tal forma que mesmo nin sequera a Deputación tería que asumir eses 300.000 euros.

Todos somos conscientes de que nun escenario económico como o actual, de non existir esa inxección, e esa achega económica por parte da Deputación, correríamos o risco de ter dificultades para que alguén estivese disposto a xestionalo cos niveis mínimos de calidade. Grazas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. Nós votamos en comisión favorablemente a este punto e imos manter ese voto neste Peno. Indubidablemente que temos un problema, a Deputación ten un problema, un problema sobrevivindo, non é un problema que xerou a Deputación. Hai un magnífico Teatro, había unha concesión que se outorgou mediante un concurso público á Fundación Caixa Galicia, era un contrato por cinco anos con posibilidade de prórroga, a situación económica que estamos a vivir, a situación do sector financeiro e a situación da obra social decidiron que a Fundación renunciase á prórroga dese contrato, co cal a Deputación ten que afrontar ese problema, e afróntao sacando un novo prego de condicións que rexa a concesión deste concurso. Creo que compartimos todos o esencial, todos compartiamos, todos os grupos políticos compartiamos que tiñamos que manter o carácter público e que tiñamos que facer unha

xestión indirecta en réxime de concesión porque é inviable facer unha explotación directa polos custos que iso significa. Quero lembrar que polo informe económico-financieiro que acompaña a esta información tamén como clarificador dos posibles concesionarios, Caixa Galicia, a Fundación Caixa Galicia achegou máis de 9 millóns de euros en 5 anos a este Teatro, e recadou no despacho de billetes ao redor de 1 millón e medio de euros, sería desde todo punto imposible para a Deputación facer unha xestión directa. Entón, este prego mantén o carácter público, o servizo público do Teatro Colón e busca unha explotación en réxime de concesión, unha explotación indirecta, e combina o que dicía o Sr. portavoz do Bloque, a xestión público-privada, porque é un edificio de titularidade pública, un servizo público, que posiblemente xestione un privado.

É indubidable que hai un elemento novo neste prego e é que habitualmente o concesionario paga un canon ao propietario, e neste caso é o propietario o que está disposto a pagar un canon ao concesionario, pero é razoable, entendemos que é razoable. Primeiro, porque no Orzamento do ano 2012 figura unha partida de 300.000 euros destinados ao Teatro Colón, pois esa partida de 300.000 euros pódese xestionar 300.000 euros directamente a Deputación, ou se poden achegar como máximo para sufragar as posibles perdas que poida ter o concesionario, e esa creo que é a modificación máis substancial que existe entre este prego e o prego que rexeu o concurso que veu operando ata agora. A min gustárame, e expreso un desexo, que houbera persoas ou empresas que se presentasen a este concurso, que xestionasen o Teatro Colón co nivel de calidade que se xestionou ata agora, porque sempre foi un referente este Teatro na cidade, na provincia e na Coruña, e creo que son un estímulo favorable os 300.000, que é como máximo o que pode achegar a Deputación, para incentivar a que persoas poidan optar a xestionar isto, porque non esquezamos que posiblemente sexa deficitario, porque a cultura é deficitaria, e recordo os datos que dei antes, 9 millóns de achega máis 1.500.000 de recadación por despacho de billetes.

Por tanto, porque se mantén o carácter público, porque se mantén a xestión indirecta, como todos pediamos e porque se está facendo un intento de pór en valor o Teatro Colón e buscar a posibilidade de que un novo concesionario siga explotando o Teatro Colón, o Grupo Socialista reitera o voto que expresou na Comisión o día pasado. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Antes de pasar á votación dicir que, efectivamente, foron máis de 9.700.000 euros de achega neta, xa descontados os ingresos por despacho de billetes, e por tanto a ninguén se lle escapa que a situación económica, ou a posibilidade, mellor dito, de ser capaces desde a Deputación da Coruña de ter unha situación ou unha sociedade, ou unha fundación disposta a levar unha xestión similar á que estabamos a levar é bastante difícil. É certo que leva traballando meses nese prego e quero aproveitar este Pleno para felicitar aos servizos técnicos da casa pola rapidez con que o fixeron, a pesar de que, efectivamente, levan meses facéndoo e créanme que é un esforzo importante para a Deputación esa achega que facemos como máximo, como máximo, non é unha achega

a fondo perdido, senón que é unha achega como máximo que se fai para compensar esa posible xestión do Teatro. E na esperanza de todos, seguro que todos o grupos, é que aquelas entidades que se presenten para a súa xestión poidan garantir a calidade que durante os últimos anos veu ofrecendo este Teatro e fíxo un referente de toda a provincia, así que esperamos que teñamos sorte nese proceso que se inicia a partir de hoxe, e que o próximo adxudicatario desa xestión poida garantir para todos os veciños da provincia de Galicia a mesma calidade que viñamos gozando ata agora.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 5 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Proposta para o exercicio das actividades culturais no Teatro Colón.

1 .a_ Iniciativa para o exercicio de actividades en réxime de libre concorrencia.

Aprobar inicialmente o expediente para o exercicio de actividades culturais no Teatro Colón en réxime de libre concorrencia, de conformidade co disposto no art. 86 da Lei reguladora das bases de réxime local e no artigo 97 do Texto refundido aprobado por Real decreto legislativo das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

1.b. Ratificación da Comisión de Estudo.

1.b.1_ Ratificar a constitución da comisión de estudo para o exercicio da actividade cultural no Teatro Colón, designada por Resolución da Presidencia 2.326 con data do 10 de febreiro de 2012

- ◆ O presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso, que actuará de presidente.
- { Dona María Dores Faraldo Botana, vicepresidenta 1ª, deputada do Grupo Popular.
- { Don José Santiago Freire Abeijón, deputado do Grupo Popular.
- ◆ Dona Silvia María Seixas Naia, deputada do BNG.
- ◆ Don Salvador Fernández Moreda, deputado do Grupo Socialista.
- ◆ Don José Luis Almau Supervía, secretario xeral.
- ◆ Don Enrique Calvete Pérez, tesoureiro provincial

- ◆ Don José Manuel Pardellas Rivera, interventor xeral.
- ◆ Don Juan Bautista Suárez Ramos, interventor adxunto
- ◆ Don Rogelio López Cardalda, xefe de Servizo de Fomento e Servizos Provinciais.

SECRETARIO

Luís Jaime Rodríguez Fernández, xefe de Servizo de Patrimonio e Contratación.

1 .b.2. Prestar conformidade a todos os traballos previos realizados pola comisión de estudo e en particular:

1. Memoria ECONÓMICO-FINANCIERA PARA A XESTIÓN INDIRECTA DO servizo publico Teatro Colón e memoria para a xestión do servizo público provincial "Teatro Colon": consideracións de carácter xurídico.
2. Viabilidade e normativa para o uso cultural do "Teatro Colón" da Deputación provincial.
3. Proposta da Presidencia sobre a forma de xestión do Teatro Colón.
4. Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do Teatro na modalidade de concesión.
5. Regulamento do servizo. Normas de funcionamento do Teatro Colon: Aprobación inicial

1.c. Toma en consideración da memoria elaborada pola comisión técnica.

Aprobar as memorias xurídica e económica e a memoria técnica denominada "Viabilidade e normativa para o uso cultural do "Teatro Colon" da Deputación provincial".

1 .d. Declaración do interese público provincial do servizo público que se rexerá polo regulamento.

1 .e. Proposta da Presidencia sobre a forma de xestión do servizo público.

Aprobar a proposta da Presidencia sobre a forma de xestión do servizo publico que será a de xestión indirecta na súa modalidade de concesión de servizo publico de conformidade co disposto no art. 85.2.B da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, e artigo 277.a e concordantes do Texto refundido da lei de contratos do sector público.

DISPOSICIÓN COMÚN ao apartado 1.: Tramitación: exposición pública e aprobación definitiva

TAMÉN SE ACORDA:

-Expor ao público a totalidade do expediente tramitado para o exercicio das actividades culturais no Teatro Colon , durante o prazo de 30 días naturais durante os cales poderán formular observacións as entidades ou particulares.

-Transcorrido o prazo de exposición ao público someterase á consideración do Pleno a aprobación definitiva do expediente, resolvendo no seu caso, as reclamacións formuladas se as houber.

2.- Aprobación do Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do Teatro Colon na modalidade de concesión:

2.1.Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do Teatro Colon na modalidade de concesión.

2.2.Convocar o correspondente procedemento aberto, condicionando a adxudicación á aprobación definitiva das memorias xurídica e económica e a memoria técnica denominada "Viabilidade e normativa para o uso cultural do "Teatro Colon" da Deputación provincial."

2.3.Facultar á Presidencia para a execución deste acordo, así como delegar a competencia para efectuar o requirimento a que se refire o artigo 151 do TRLCSP á empresa que presente a oferta economicamente máis vantaxosa

3.- Regulamento do servizo. Normas de funcionamento do Teatro Colon: Aprobación inicial

3.1.Aprobar inicialmente o regulamento do servizo que contén as normas do seu funcionamento para a realización de actividades culturais no Teatro Colón, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei reguladora das bases de réxime local.

3.2.Someter o citado regulamento a información pública e audiencia aos interesados por un prazo de 30 días, para os efectos de reclamacións e suxestións, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o cal sen que se presentara ningunha reclamación ou suxestión entenderase aprobado definitivamente sen necesidade de novo acordo.

3.3.Aprobado definitivamente o citado regulamento remitirase copia íntegra e fidedigna á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia, e publicarase integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e entrará en vigor transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2, en relación co 70.2 da Lei reguladora das bases de réxime local."

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DA XESTIÓN DO TEATRO COLÓN NA MODALIDADE DE CONCESIÓN

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1.- OBXECTO

I.- Constitúe o obxecto do presente contrato, como forma de xestión indirecta de servizo público, a concesión da xestión do teatro Colón, de titularidade provincial (sito na Avenida. da Marina - A Coruña) para realizar actividades de natureza cultural, mediante unha programación estable, que teña como obxectivo principal o fomento da cultura, pondo especial énfase na potenciación da lingua e a cultura galega.

A modo simplemente enunciativo e non limitativo, as accións que se han desenvolver serán as seguintes:

a) Representacións teatrais ou escénicas (teatro clásico, moderno e contemporáneo, monicreques, marionetas, mímica, etc.)

b) Actividades musicais (ópera, zarzuela, concertos de música clásica e contemporánea, jazz, blues, soul, rock, copla, flamenco, folk, músicas populares e tradicións dos distintos pobos, recitais e calquera clase de expresión musical).

c) Danza, ballet, musicais e calquera outra forma de expresión coreográfica.

d) Recitais poéticos e actividades de animación á lectura.

e) Conferencias sobre temas de interese histórico, artístico, literario, científico, social, xurídico ou económico, etc. Dirixidas tanto ao público en xeral (divulgativas), como a expertos ou profesionais.

f) Exhibicións cinematográficas e por outros medio audiovisuais (ciclos de cinema e filmografía).

g) Espectáculos humorísticos.

h) Ilusionismo, maxia e prestidixitación.

i) Actividades didácticas de carácter cultural.

j) Gravación e/ou retransmisión de programas de radio ou televisión.

k) Desfiles de moda.

l) Actividades de lecer e tempo libre.

m) Calquera outras de natureza cultural.

As diversas manifestacións culturais realizaranse respectando a liberdade de expresión artística, observando os principios e valores constitucionais e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como os recollidos nos tratados e convenios sobre dereitos humanos, protección da infancia e a mocidade, etc.

II.- As accións ademais das dirixidas ao público en xeral deberán ter como destinatarios tamén sectores específicos da sociedade (infancia, mocidade, terceira idade), así como a persoas con discapacidade sensorial (deficiencias auditivas, invidentes, etc.), ou discapacitados físicos, psíquicos e análogos.

III.- O adxudicatario deberá realizar a xestión e explotación integral do teatro e as súas actividades, comprendendo entre outras as seguintes funcións, que se describen a título simplemente enunciativo: a programación, a promoción dos espectáculos (por si mesmo ou por terceiros), a contratación e aboamento de honorarios ou cachés aos artistas ou grupos ou os seus representantes, a captación de patrocinios, a coordinación das montaxes, as actividades de difusión, elaboración de carteis e programas de man, a contratación do persoal directivo, técnico ou auxiliar e persoal ou empresas de mantemento, a prestación dos servizos de despacho de billetes e expedición de entradas, o control de acceso do público, a información e atención ao público e en especial a persoas con

discapacidade que asistan aos espectáculos, o mantemento en perfectas condicións de calidade, funcionamento limpeza, confort e seguridade do teatro, equipos e instalacións, etc. , e todos aqueles labores que sexan necesarios para o correcto, eficaz e eficiente desenvolvemento do servizo, de acordo co establecido no presente prego.

2. RÉXIME ECONÓMICO DA CONCESIÓN

2.1. Retribución do concesionario:

A retribución do concesionario estará integrada pola suma dos seguintes factores:

- { **O produto da recadación do despacho de billetes das distintas actuacións que xestione directamente.** As tarifas máximas que se han cobrar aos usuarios serán propostas por cada licitador na súa oferta económica, segundo o modelo de oferta económica, tendo en conta a variedade de localidades e entenderanse aprobadas pola Deputación no acto de adjudicación do contrato; sen prexuízo diso, para determinados espectáculos que, polas súas especiais características resulten moi mediáticas, o órgano de Contratación poderá autorizar tarifas especiais que superen os máximos previstos con carácter xeral.
- { **A renda percibida polo aluguer das instalacións e dos medios persoais e materiais de funcionamento,** cando o espectáculo ou actuación sexa programada e xestionada por un terceiro, dentro do número máximo de cesións que se autorizan no presente prego.
- { **Os ingresos derivados de contratos de patrocinio ou cesión de espazos** para publicidade estática, cesión de dereitos de retransmisión audiovisual e outros de similar natureza.
- { **Os derivados de cesión de espazos no interior** das instalacións para a instalación de máquinas expendedoras de bebidas ou de produtos envasados.
- { **A contraprestación que, no seu caso, poida solicitar da Deputación ata o importe máximo anual de 300.000 euros (IVE incluído),** coa finalidade exclusiva de asegurar ao xestor a cobertura dunha parte dos gastos de mantemento, de forma que, sumándose ao resto de ingresos, se poidan cubrir todos os gastos de explotación e mesmo admitíndose sobre eles unha marxe de beneficio industrial que non supere en ningún caso o 6 por 100. Para a fixación do importe da contraprestación teranse en conta as seguintes regras:
 - Cada licitador presentará na súa oferta, segundo o modelo de oferta económica, unha conta de resultados na que se determinen os ingresos brutos totais que considere necesarios para que, mediante unha boa e ordenada administración, asegure a explotación do servizo coa cobertura de todos os gastos e un beneficio industrial razoable, que detallará en termos porcentuais sen que poida superar o 6 por 100 daqueles. Tanto na oferta económica como no estudo económico-financeiro que presente no seu proxecto de explotación, deberá haber unha previsión de todos os ingresos e dos gastos para cada anualidade de xestión e, no seu caso, do déficit de explotación,

concretándose o importe de contraprestación solicitado para cubrilo.

- O importe desta contraprestación que, no seu caso, fará constar o adxudicatario na súa oferta, farase efectiva mediante entregas a conta da Deputación por mensualidades vencidas, logo da presentación previa das correspondentes facturas, co detalle do IVE correspondente. Os pagos das entregas serán efectuados no prazo previsto no artigo 216 do TRLCSP, unha vez transcorrido o primeiro mes de prestación efectiva do servizo e logo dos informes previos preceptivos da Sección de Cultura e Deportes, Servizo de Patrimonio e Contratación e Intervención.
- Unha vez terminada cada anualidade e liquidado cada exercicio, o adxudicatario presentará a Conta de Resultados que, unha vez sometida ao control financeiro da Deputación e verificada a súa exactitude, servirá para regularizar o importe definitivo da contraprestación. Para ese efecto, se coa cantidade entregada a conta os ingresos obtidos superan os gastos realizados e se obtén unha marxe de beneficio industrial superior ao previsto na oferta, minorarase a achega provincial no importe resultante, procedéndose á devolución a favor da Deputación da devandita cantidade ou á súa compensación no exercicio seguinte. Se, a pesar desta liquidación, o xestor obtén un beneficio industrial superior ao 6%, deberá entregar á Deputación a porcentaxe do devandito exceso que a seguir se indica:

A.-Se o beneficio industrial resulta superior ao 6% e inferior ao 8% distribuirase o devandito exceso ao 50%

B.-Se o beneficio industrial é superior ao 8% e inferior ao 10% o exceso correspondente distribuirase atribuíndolle á Deputación o 30% e ao concesionario o 70% do importe comprendido neste tramo.

C.- Se o beneficio industrial é superior ao 10%, o exceso correspondente distribuirase atribuíndolle á Deputación o 20% e ao concesionario o 80% do importe comprendido neste tramo.

Con todo, no caso de que os ingresos obtidos resultasen inferiores aos previstos, en ningún caso terá a Deputación que realizar contraprestacións adicionais nin responder ao cumprimento das previsións do estudo económico-financieiro, aténdose o contratista ao previsto nos seguintes apartados.

2.2. Risco e ventura:

A explotación do servizo farase por risco e ventura do contratista, sen que en ningún caso a Deputación teña que asumir obriga ningunha de asegurar a rendibilidade mínima prevista. Tampouco procederá inicio de revisión do contrato para o mantemento do equilibrio económico do contrato, a non ser que concorran algunha das circunstancias que se enumeran no apartado seguinte.

2.3. Mantemento do equilibrio financeiro do contrato:

A concesión manterá o equilibrio financeiro nos termos que foron considerados

como básicos para a súa adxudicación, de acordo co estudo económico-financeiro presentado polo adxudicatario. Unicamente se restablecerá o equilibrio financeiro do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:

Cando a Deputación modifique, por razóns de interese público, as condicións de prestación do servizo.

Cando causas de forza maior determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato. Para ese efecto, entenderase por causa de forza maior as enumeradas no art. 231 do TRLCSP.

Que actuacións da administración determinen de forma directa a quebra substancial da economía da concesión.

2.4. Actualización do importe máximo das tarifas e, no seu caso, do importe anual da subvención de explotación:

Tanto o importe máximo das tarifas propostas como o importe anual da contraprestación serán obxecto de actualización anual de acordo coa variación do índice de prezos ao consumo (IPC) que fixe o Instituto Nacional de Estatística para cada anualidade (media nacional de España), tomando como data de referencia para cada actualización a correspondente ao día que en que finalice o prazo para a presentación das ofertas.

MODELO DE CONTA DE RESULTADOS

	(DEBE)	HABER
1. Ingresos da actividade propia		
a) Venda de entradas		
b) Achega da Deputación		
c) Ingresos por patrocinios e colaboracións		
d) Rendas por cesións de espazos		
2. Custo da programación		
a) Gastos por actividade propia		
b) Arrendamentos e canons		
c) Transportes, montaxes e embalaxes		
d) Publicidade, propaganda e relacións públicas		
e) Outros servizos		
3. Outros ingresos da actividade		
a) Arrendamentos de local a terceiros		
b) Outros ingresos		
4. Gastos de persoal		
a) Soldos salarios e similares		
b) Cargas sociais		
c) Provisións		

5. Outros gastos da actividade		
a) Servizos exteriores		
b) Tributos		
c) Outros gastos de xestión corrente		
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5)		
6. Ingresos financeiros		
7. Gastos financeiros		
B) RESULTADO FINANCIERO (6+7)		
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)		
8. Imposto sobre beneficios		
D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+8)		

3.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

3.1. Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que tendo plena capacidade para obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/ 2011, do 14 de decembro (en diante TRLCSP).

3.2 Igualmente poderán presentar ofertas as unións de empresas que se constituán temporalmente para o efecto nas condicións e cos requisitos que establece o art. 59 do TRLCSP e as súas normas de desenvolvemento.

4.- DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo da concesión será de 5 anos contados desde a formalización do contrato en documento administrativo. O contrato será prorrogable por sucesivos períodos de 5 anos por mutuo acordo das partes, sen que o prazo total do contrato poida exceder de 25 anos. Por parte da Deputación cada prórroga farase de maneira expresa polo órgano de Contratación, logo do informe previo de Patrimonio e Contratación (Secretaría Xeral) e Intervención.

Para os efectos previstos no apartado anterior, 2 meses antes de que finalice o período de vixencia inicial do contrato ou de cada unha das súas prórrogas, o adxudicatario deberá presentar no Rexistro Xeral da Deputación unha memoria que conteña o avance da programación para o exercicio seguinte á prórroga e as liñas xerais de programación para os anos sucesivos.

II ADXUDICACIÓN

5.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

O presente contrato adxudicarase mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración.

6.- PROPOSICIÓNS. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Servizo de Patrimonio e Contratación, Avda./ Alférez Provisional, s/n, A Coruña, 5ª planta,

en horario de 9 a 13 horas, en 3 sobres cerrados, asinados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación esixida na cláusula seguinte, dentro do prazo de 25 días naturais contados desde o día seguinte ao da última publicación do anuncio no BOP.

Ademais o anuncio de licitación publicarase no perfil de contratante da Deputación (www@dicoruna.es)

No caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de Contratación a remisión da oferta mediante fax (981 080 307) ou telegrama (Deputación da Coruña-Servizo de Patrimonio e Contratación, avenida de Alférez Provisional nº 2-15006 – A Coruña) no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de Contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións aos que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo certificado urxente, co fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adxudicación do contrato.

7.- PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN

A.- SOBRE A.- Subtitulado "Documentación" – Xestión Teatro Colón

Dentro do sobre figurará a seguinte documentación:

7.A.1.- Empresario individual: fotocopia do DNI.

7.A.2.- Persoa xurídica: escritura de constitución ou de modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil.

7.A.3.- Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse un poder notarial para representar á persoa ou entidade cuxo nome concorra ante a administración contratante. Os poderes aos que se refire o apartado anterior deberanos bastantear previamente o secretario da Deputación ou oficial maior .

7.A.4.- Código de identificación fiscal ou NIF. (copia da tarxeta).

7.A.5.- Documentación acreditativa de estar dado de alta no imposto sobre actividades económicas.

7.A.6.- Declaración de non estar incurso en prohibicións de contratar, de conformidade co establecido no artigo 60 e 146 do TRLCSP.

7.A.7.- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e Seguridade Social:

As empresas inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación provincial da Coruña non terán que presentar os documentos aos que se refiren os apartados 7.1, 7.2, 7.3, 7.4, 7.5, 7.6 e 7.7

7.A.8.- Solvencia económica e financeira: acreditarase por todos e cada un dos seguintes medios :

- a. Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b. As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en

Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

- c. Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

7.A.9.- Solvencia técnica: acreditarase polos medios que se indican a seguir:

- a. Unha relación dos principais servizos de xestión de teatros ou no seu caso de promoción ou organización de representacións teatrais e espectáculos realizados no últimos tres anos que inclúa: tipo de espectáculo importe, datas e o destinatario (público ou privado) destes.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.

Para os efectos indicados nos 2 parágrafos anteriores para que a mesa de contratación ou o órgano de Contratación poida considerar xustificada a solvencia técnica, o licitador deberá acreditar documentalmente mediante os correspondentes certificados ou xustificantes (de acordo co indicado no parágrafo anterior) que tivo ao seu cargo a xestión e explotación dun teatro similar nos últimos tres anos (cunha capacidade de polo menos 500 localidades) ou no seu caso dedicouse á promoción ou organización de polo menos 100 representacións teatrais ou espectáculos en igual período de tempo.

- b. Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, deberán presentar a relación de empresas de mantemento do Teatro e as súas instalacións e equipamentos e calquera outros que requira o adecuado funcionamento do Teatro
- c. As titulacións académicas e/ou profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- d. Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
- e. Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, da que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

B.- SOBRE B. REFERENCIAS TÉCNICAS.- XESTIÓN TEATRO COLON

Os licitadores deberán presentar a seguinte documentación:

7.B.1.- Memoria da oferta cultural

Os licitadores deberán presentar, dentro do marco establecido na cláusula 1ª e de acordo con criterios de libre expresión artística, unha memoria cultural na que se inclúan os seguintes aspectos:

7.B.1.-a.- **Programación:** A programación do primeiro ano ofertada para o Teatro Colón, describindo na medida do posible as accións que se propoñen, indicando a data de inicio que en ningún caso será posterior ao prazo establecido na cláusula 14 do presente prego.

Indicaranse os elementos que permitan definir e valorar a programación proposta, detallando algún dos aspectos que se indican a seguir a título orientativo:

- a') tipo de espectáculo (por exemplo: teatro, música, danza, etc.)
- b') denominación
- c') autor, director, actores, intérpretes ou executantes
- d') compañías e produtoras
- e') número estimado de sesións e horarios
- f') actividades e espectáculos de promoción e difusión do idioma galego e da cultura de Galicia
- g') descrición dos sectores do público aos que van destinados
- h') número total de días de representacións no ano (a suma de todas as actividades culturais previstas no ano)

7.B.1-b) **Avance da programación:** Así mesmo deberán presentar un avance da programación prevista para o ano seguinte e as liñas xerais de programación para os anos sucesivos, (3º, 4º e 5º ano) co maior detalle que sexa posible nos termos do apartado 7.B.1-a , da presente cláusula.

7.B.1.-c) **memoria organizativa:** Na que se indicará a forma de planificar, programar, deseñar organizar, coordinar e executar as actividades ou espectáculos, criterios de selección destas, criterios para a procura ou captación de patrocinios, modelos de contratos, sistemas de venda de entradas (en despacho de billetes, telefónica, por internet ou telemática, etc.) documentación informativa de cada actividade que se lle ha entregar ao público asistente ao espectáculo (programas de man, revistas, etc.), medios persoais adscritos (proprios ou contratados), e en xeral unha explicación detallada da forma de xestionar e explotar o teatro en todos os seus aspectos.

. 7.B.1-d) **Proxecto de comunicación:** medios de publicidade que se empregarán para difundir as actividades programadas (prensa, radio, televisión, internet, cartelería , valos publicitarios, en man, etc.).

7.B.2.- Programa de mantemento e de seguridade das instalacións do Teatro Colón:

Presentarase un programa de mantemento e de seguridade, así como as medidas que se han adoptar para a adecuada protección do inmovible, as súas instalacións e equipamentos (piano), detallando os labores que se han realizar, tanto nos seus aspectos preventivos como correctivos.

7.B.3.- Medios persoais e materiais:

Presentarase unha relación do persoal que se adscribirá ao obxecto do contrato, especificando a súa cualificación ou titulación profesional, así como o seu

régime de dedicación previsto e as funcións descritas pormenorizadamente que desempeñarán cada un deles. Así mesmo, especificaranse as prestacións accesorias que se prevexa contratar e o seu réxime xeral.

7.C – SOBRE O CONTIDO DA “OFERTA ECONÓMICA”- XESTIÓN TEATRO COLÓN

7.B.4.- estudo económico:

Entregarase o estudo económico a que se refire a cláusula 2

O estudo económico deberá conter en todo caso o resumo da oferta económica conforme ao seguinte modelo:

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

DON/DONA _____, con NIF _____, actúa en nome propio ou en nome e representación da entidade _____, con CIF _____, e domicilio social en _____ teléfono-----

MANIFESTA::

PRIMEIRO.- Que coñece e acepta os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para xestionar o servizo público **TEATRO COLÓN**, na modalidade de **CONCESIÓN** e por un período inicial de CINCO ANOS, prorrogable por períodos iguais por acordo expreso de ambas as dúas partes ata un máximo de vinte e cinco anos.

SEGUNDO.- Que, de acordo co modelo que consta no estudo económico-financeiro para a xestión do servizo, presenta a seguinte previsión de **CONTA DE RESULTADOS PARA UNHA ANUALIDADE:**

	(DEBE)	HABER
1. Ingresos da actividade propia		
a) Venda de entradas		
b) Achega da Deputación		
c) Ingresos por patrocinios e colaboracións		
d) Rendos por cesións de espazos		
2. Custo da programación		
a) Gastos por actividade propia		
b) Arrendamentos e canons		
c) Transportes, montaxes e embalaxes		
d) Publicidade, propaganda e relacións públicas		
e) Outros servizos		
3. Outros ingresos da actividade		
a) Arrendamentos de local a terceiros		

b) Outros ingresos		
4. Gastos de persoal		
a) Soldos, salarios e similares		
b) Cargas sociais		
c) Provisións		
5. Outros gastos da actividade		
a) Servizos exteriores		
b) Tributos		
c) Outros gastos de xestión corrente		
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5)		
6. Ingresos financeiros		
7. Gastos financeiros		
B) RESULTADO FINANCIERO (6+7)		
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)		
8. Imposto sobre beneficios		
D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+8)		

TERCEIRO.- Que, segundo consta na previsión do apartado 1.b) da conta de resultados, para cubrir o déficit de explotación solicita unha contraprestación de _____ (IVE excluído).

CUARTO.- Que, de acordo co cadro de tarifas que se presenta no proxecto de explotación, as tarifas máximas que se han aplicar na primeira anualidade e para as que solicita a preceptiva autorización da Deputación son as seguintes:*

PATIO DE BUTACAS	PALCOS	PRINCIPAL	BRAZOS
€	€	€	€

E, en proba da súa conformidade, asina o presente en _____, _____ de _____

Asdo.

7.B.5.- Prezos ao público: *

Deberá achegarse un estudo das tarifas das actividades afectas á programación, clasificadas, respectando en todo caso os importes máximos ofertados segundo o tipo de actividade. Nos prezos das devanditas tarifas deberán incluírse os impostos que procedan.

O cadro de tarifas presentado será obxecto de actualización anual, de conformidade coa valoración do IPC e, cando xustifique debidamente o concesionario, a Deputación provincial poderá acordar a súa modificación, en uso da potestade tarifaria que en todo caso lle corresponde.

7.B.6.- Proxectos de pólizas de seguros de responsabilidade civil e accidentes.

8. GARANTÍA PROVISIONAL

Xunto á documentación á que se refire a cláusula anterior acompañarase o documento acreditativo da constitución dunha garantía provisional por importe de 10.000 euros, por calquera dos medios aos que se refire o artigo 96 do TRLCSP, co obxecto de garantir a seriedade da oferta e dos estudos realizados.

9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Serán criterios obxectivos para a adxudicación do contrato:

A) Contido e calidade da oferta cultural: ata 50 puntos

Valorarase o contido, a calidade e variedade da oferta e o número de actividades que integran a programación anual ofertada, grao de ocupación, promoción da cultura galega, así como os distintos sectores do público aos que van destinados.

Detállase en:

Calidade das actividades e espectáculos : **20 puntos**

Contidos: Variedade e diversidade de actividades: **10 puntos**

Promoción da cultura galega: **10 puntos**

Memoria organizativa : **10 puntos**

B) Programa de mantemento e seguridade das instalacións do Teatro Colón e seguros: ata 15 puntos.

Subdetalles:

Programa de mantemento: **10 puntos**

Seguridade: **3 puntos**

Seguros: **2 puntos**

C) Proxecto de comunicación : ata 5 puntos

D) estudo económico segundo o determinado na cláusula 2 **ata25 PUNTOS**

E) Tarifas: ata 5 puntos

Co obxecto de que a Mesa de Contratación poida formular a súa proposta ao órgano de Contratación constituirase unha comisión técnica que estará composta por:

- O xefe do servizo de Fomento
- A xefa da sección de Cultura
- O técnico de xestión Cultural
- O interventor adxunto
- O tesoureiro
- O arquitecto provincial

Actuará como secretario con voz pero sen voto o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación.

10.- ADXUDICACIÓN

Polo que respecta á apertura de sobres, e demais actuacións da Mesa de Contratación estarase ao disposto no artigo 160 do TRLCSP e 21 e seguintes do Real decreto 817/2009 de desenvolvemento parcial da LCSP.

1. O órgano de Contratación requirirá ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de Contratación para que obteña de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme o artigo 64.2, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, agás que se estableza outra cousa nos pregos.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, nese caso solicitarase a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

2. O órgano de Contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación

3. A adxudicación, notificaráselles aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

En todo caso, na notificación e no perfil de contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme o artigo 156.3.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Con todo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos establecidos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días.

4.- O órgano de Contratación adxudicará o contrato á oferta máis vantaxosa á vista da proposta da Mesa de Contratación e de acordo cos criterios establecidos no presente prego.

A adxudicación quedará condicionada á aprobación definitiva do expediente de xestión do Teatro Colón. No caso de que houberse que recoller modificacións no prego, os licitadores non terán dereito a ningún tipo de indemnización.

5.-A administración resérvase a facultade de declarar deserta a licitación nos termos establecidos no TRLCSP, sen que os licitadores teñan ningún dereito a indemnización por esta circunstancia. No entanto non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego

11.- GARANTÍA DEFINITIVA

O licitador que presente a oferta máis vantaxosa dentro do prazo máximo de 10 días naturais contados desde o seguinte ao que reciba a notificación do requirimento ao que se refire a cláusula 10.1 deberá constituír na Tesourería da

Corporación provincial unha garantía definitiva por importe de 100.000 euros. En caso de prórroga o importe da garantía definitiva actualizarase mediante a aplicación do índice xeral de prezos ao consumo do anterior período de vixencia contractual.

12.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato formalizarase en documento administrativo na data que sinala a Administración provincial, dentro do prazo establecido no art. 156 do TRLCSP.

III FASE DE EXECUCIÓN

13.- POSTA AO DISPOR DO TEATRO. ENTREGA DE CHAVES. INVENTARIO

Unha vez finalizado o acto de sinatura do contrato porase ao dispor do adxudicatario o Teatro Colón, o seu equipamento e instalacións, entregaranse as súas chaves e o adxudicatario entregará unha copia autenticada das pólizas de seguro esixidas na cláusula 18.

Desde o momento da entrega das chaves o adxudicatario será responsable da custodia, conservación, mantemento e reparación do Teatro, equipamento e instalacións, asumindo todos os gastos que diso se deriven. En iguais termos asumirá os gastos de limpeza, seguridade, subministración de enerxía de calquera clase (eléctrica, gas, calefacción, aire acondicionado, climatización), auga, teléfono, aparellos elevadores, equipos de extinción e detección de incendios, equipos de seguridade, equipamento escénico, piano , etc., así como o persoal que se adscriba ao cumprimento do contrato e demais gastos directos ou indirectos.

A Deputación farase cargo unicamente da reparación dos elementos estruturais comúns, coa condición de que a causa non teña a súa orixe nun deficiente uso por parte do adxudicatario, así como das reparacións que se deriven das obrigacións do propietario e especificamente de todas aquelas que estean comprendidas na responsabilidade do contratista das obras de rehabilitación.

A presentación da oferta á presente licitación implica a aceptación de que o Teatro e as instalacións e equipamento están en perfecto estado.

A Deputación, para os efectos de constancia e inventario realizará baixo a supervisión do xefe do servizo de Patrimonio e Contratación e co persoal propio ou contratado que sexa necesario e en presenza dun representante do concesionario o inventario fotográfico e en vídeo do Teatro, instalacións e equipamentos. Unha copia seralle entregada ao adxudicatario.

O Teatro, as súas instalacións e equipamentos deberán reintegrarse á Deputación en perfecto estado de conservación e mantemento ao terminar a concesión nos termos das cláusulas 24 e 25 do presente prego.

14.- INICIO DE ACTIVIDADE

O adxudicatario deberá iniciar o programa de accións culturais dentro do prazo máximo de 2 meses contados desde a formalización do contrato en documento administrativo.

15.- RISCO E VENTURA

O contrato executarase por risco e ventura do adxudicatario.

16.- DESTINO

O Teatro Colón dedicarase durante a vixencia do contrato única e

exclusivamente á prestación de accións culturais que se enumeran na cláusula 1ª do presente prego e de acordo co programa aceptado pola Deputación.

Queda expresamente excluído do uso que se lle pode dar ao teatro durante o período de vixencia do contrato, a cesión para actos convocados por partidos políticos ou con fins de propaganda política durante os períodos electorais e preelectorais.

O concesionario deberá garantir, polo menos, a programación para 80 días cada ano excluíndose deste cómputo os 15 días de reserva anual da Deputación para actividades no Teatro Colón.

17.- RESERVA DE USO PARA A DEPUTACIÓN

A Deputación resérvase durante toda a vixencia do contrato (incluídas por tanto as súas prórrogas) e con carácter absolutamente gratuíto, e en consecuencia sen ter que aboar gasto ningún derivado de: a) gastos de persoal (técnico, de mantemento, labores auxiliares e calquera outro que destine o contratista de maneira habitual á atención do teatro; b) servizos de despacho de billetes; c) gastos de enerxía eléctrica, gas, climatización, calefacción, aire acondicionado; d) limpeza; e) mantemento, o uso do Teatro Colón, as súas instalacións e equipos durante 15 días ao ano. Por mutuo acordo das partes e con aprobación da Comisión de Seguimento concretaranse os días aos que se refire esta reserva.

A Deputación nos días de reserva de uso poderá realizar todas aquelas accións culturais ou relacionadas cos fins ou competencias propias que estime conveniente, ben directamente ou a través de terceiros, facilitándolle a utilización a instancia dos concellos da provincia, e de grupos e entidades culturais que operen no ámbito provincial.

Polo que respecta ás pantallas de proxección situadas na parte superior do despacho de billetes, a Deputación e o concesionario compartirán o 50% do tempo.

18.- DEREITOS E OBRIGAS DA ADMINISTRACIÓN E DO CONCESIONARIO

18.1.- Obrigas do concesionario

18.1.1 Colaboración coa Deputación

- O adxudicatario deberá prestar toda a súa colaboración coa Deputación para realizar os labores de verificación do cumprimento de actividades, programación, mantemento de instalacións e equipamentos, inventario etc., facilitando todos os informes que solicite a Deputación.

18.1.2 Inicio de actividades

- Iniciar a realización das actividades culturais no Teatro Colón no prazo establecido no presente prego.

18.1.3 Cumprimento da programación cultural

- Cumprir a programación cultural ofertada para toda a vixencia do contrato e a específica de cada exercicio, para estes efectos o concesionario ademais da información anticipada da programación á que se refire este prego, o concesionario deberá remitirle á Deputación un informe trimestral detallando as actuacións previstas para o trimestre (cun mes de antelación ao comezo do trimestre correspondente).

18.1.4 Regularidade na prestación

- Prestar o servizo dentro dos prazos e coa regularidade e continuidade

correspondente.

18.1.5 Non discriminación

- Admitir o goce das actividades culturais a toda persoa que cumpra os requisitos esixidos sen que baixo ningún concepto poidan producirse discriminacións non contempladas no ordenamento xurídico.

18.1.6 Conservación e mantemento. Libro de control do mantemento.

- Conservar e manter en perfecto estado o Teatro Colón, as súas instalacións e equipamentos, piano, etc. levando a cabo labores preventivos de mantemento e realizando todas as reparacións necesarias, repondo incluso todas as deterioracións producidas por calquera causa a calquera ben incluído no inmovible obxecto de concesión.

- Para estes efectos o adxudicatario deberá facilitar o libre acceso a todas as dependencias do Teatro ao persoal da Deputación (servizo de Arquitectura, Enxeñería e Mantemento, Patrimonio e Contratación, Cultura, etc.) a inspección do estado de conservación, debendo facilitar toda a documentación relativa a labores de mantemento, contratos de mantemento que no seu caso teña suscrito, cualificación do persoal, etc.

- Para facilitar as tarefas de inspección da Deputación o adxudicatario deberá levar un LIBRO DE CONTROL DE MANTEMENTO, onde se indicarán os labores realizados, a data en que se realizou, así como a súa duración e persoal que as levou a cabo.

18.1.7 Responsabilidade por danos e perdas

- Responder de todos os danos e perdas que ocasionen a persoas e bens, derivados do funcionamento do servizo, por dolo, culpa ou negligencia, salvo se se produciu por actos realizados en cumprimento dunha orde imposta pola administración con carácter ineludible.

18.1.8 Seguros

- De conformidade co disposto no parágrafo anterior o adxudicatario deberá concertar as correspondentes pólizas de seguros de responsabilidade civil e accidentes debendo actualizar a súa contía durante a vixencia do contrato.

- A copia das citadas pólizas e das súas actualizacións deberán remitirse ao Servizo de Patrimonio e Contratación desde o momento da súa subscripción, renovación ou modificación. Así mesmo, deberán ser facilitadas cando o citado servizo o solicite.

18.1.9 Adscrición de persoal, cumprimento normativa laboral e seguridade social

- Destinar o persoal suficiente e cualificado que requira a xestión do servizo no Teatro Colón.

- O adxudicatario deberá cumprir a normativa laboral, seguridade social e prevención de riscos laborais.

- O persoal que o concesionario adscriba ao contrato en ningún caso adquirirá a condición de persoal da Deputación provincial da Coruña. Nos termos da lexislación vixente, a Corporación non sucederá ao adxudicatario nos seus deberes laborais cos traballadores.

18.1.10 Prohibición de gravames e alleamentos

- Non gravar nin allear os bens afectados ao servizo obxecto do contrato nin aqueles que haxan de reverter na Deputación nin destinalos a outras finalidades.

18.1.11 Permisos, autorizacións e licenzas

- Obter todos os permisos, autorizacións e licenzas que sexan necesarias para realizar as actividades obxecto do presente contrato.

18.1.12 Subcontratación

- Exercer para si a concesión, non poderá cedela ou traspasala a terceiros, responderá exclusivamente o concesionario ante a Deputación. No entanto, o concesionario poderá ceder o uso das instalacións do Teatro Colón a un terceiro para levar a cabo algunha das actividades programadas e sempre que tal uso non supere illada ou conxuntamente máis de 90 días ao ano.

- Os servizos accesorios non comprendidos no obxecto principal do contrato poderán ser cedidos a terceiros nos termos establecidos pola normativa vixente. A contraprestación obtida polo concesionario formará parte da conta de explotación do servizo.

18.1.13 Principio de non discriminación en contratos de subministracións

- Respectar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade respecto das empresas dos estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre a contratación pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de subministración que sexan consecuencia da concesión.

18.1.14 Obras no inmovible (Teatro Colón)

- O adxudicatario non poderá realizar obras no inmovible sen autorización previa da Deputación. En caso de ser autorizado o concesionario deberá solicitar e obter as preceptivas autorizacións municipais e dos organismos que proceda para a execución das devanditas obras.

- En todo caso o adxudicatario deberá sufragar o seu custo.

18.1.15 Memoria de actividades do ano anterior. Balance de xestión económica e conta de explotación

- Redactar en soporte informático a memoria anual final da concesión, que comprenda os aspectos económicos, de programación, de mantemento, e de xestión administrativa relativa ao Teatro Colón. Esta memoria deberá incluír o balance da xestión económica e a conta de explotación do Teatro Colón - O prazo de presentación á Deputación será antes do 30 de xuño de cada ano.

18.1.16 Plan de emerxencia. Vixilancia e mellora permanente das instalacións de extinción e detección de incendios.

- A Deputación dispón dun Plan de emerxencia e evacuación do Teatro Colón debidamente visado por técnico competente. O concesionario deberá actualizar permanentemente o devandito plan, efectuando os estudos necesarios para mellorar a seguridade realizando ademais os simulacros pertinentes.

- Así mesmo deberá realizar un perfecto mantemento das instalacións de extinción e detección de incendios e demais instalacións que supoñan un risco á seguridade do inmovible, realizando a vixilancia e melloras permanentes destas para o seu perfecto funcionamento nun continuo labor de prevención, observando en todo momento as disposicións nesta materia.

18.1.17 Sinalizacións (Teatro Colón)

- O adxudicatario deberá manter en perfecto estado os elementos de sinalización colocados previamente pola Deputación, nos que se indicará expresamente que o teatro é titularidade dela.

- Así mesmo deberán figurar debidamente sinalizadas as saídas de evacuación.

- A instalación de material de publicidade estática achegada polas entidades patrocinadoras deberá respectar as características arquitectónicas interiores e exteriores do Teatro.

18.1.18 Páxina web

- O adxudicatario disporá dunha páxina web onde se informará coa suficiente antelación das actividades do Teatro Colón, e programación, horarios, o máis completa e accesible posibles, debendo constar en letras destacadas o logotipo e nome da Deputación provincial da Coruña.

18.1.19 Tributos

- Aboar o IBI do inmovible (Teatro Colón) e calquera outro tributo que recaia sobre as instalacións

18.1.20 Normativa de espectáculos e accesibilidade

- Observar a normativa vixente de espectáculos públicos, accesibilidade.

18.1.21 Normativa de ruídos e impacto ambiental

- Cumprir a normativa sobre ruídos, impacto ambiental, evitando producir molestias inxustificadas aos veciños.

18.1.22 Prevención do tabaquismo

- Velar sobre o cumprimento da normativa vixente sobre prohibicións de fumar en espazos públicos.

18.1.23 Titularidade do servizo

- O concesionario está obrigado en todas as actividades que se realicen no teatro Colón a facer figurar de forma expresa en todos os seus anuncios, carteis, folletos, páxinas web, prensa ou outros medios, así como nos billetes ou entradas, programas e calquera outros documentos escritos ou audiovisuais, o logotipo da Deputación (para acreditar que esta entidade é a titular do servizo público) xunto co nome da entidade concesionaria. Tamén poderá incluír o logotipo dos patrocinadores

- Igualmente nas retransmisións ou publicidade por radio ou T.V. ou en gravacións deberá deixar constancia nos créditos de presentación da titularidade da Deputación do Teatro do logotipo da Deputación.

18.1.24 Relación con usuarios. Libro de reclamacións e suxestións

- O persoal adscrito ao cumprimento do presente contrato tratará aos usuarios co máximo respecto, amabilidade e cortesía. Para estes efectos disporá dun libro de reclamacións e suxestións.

18.1.25 Días de reserva

- Así mesmo o adxudicatario facilitará os días de reserva de uso da Deputación nos termos establecidos no presente prego.

18.1.26 Aboamento dereitos de propiedade intelectual

- O adxudicatario aboará os dereitos de autor á Sociedade Xeral de Autores ou

calquera outra entidade de xestión de dereitos de propiedade intelectual, polas actividades obxecto do presente prego. Corresponderalle á Deputación o seu aboamento no caso de actividades pola institución provincial nos días de reserva de uso.

18.1.27 Reserva de localidades á Deputación provincial da Coruña nas actividades que organice directamente a Deputación.

A Deputación resérvase a totalidade da capacidade naquelas actividades que organice directamente a Deputación, ben para a súa distribución gratuíta entre colectivos e institucións da provincia ou mediante a súa venda ao público en xeral.

- 18.1.28 Equipo de desfibrilación

- Manter en perfecto estado de funcionamento o equipo de desfibrilación semiautomático. Para estes efectos o adxudicatario deberá esixirlle ao persoal do Teatro que realice os cursos de formación e perfeccionamento para a utilización destes equipos.

18.1.29 Normas de funcionamento do servizo

- Cumprir e garantir os dereitos dos usuarios previstos nas normas de funcionamento deste servizo. (Regulamento do Servizo)

18.1.30 Incumprimento de obrigacións

- Se o contratista incumpre as obrigacións recollidas no presente prego será aplicable o réxime sancionador establecido na cláusula 22 de presente prego.

- O incumprimento das obrigacións derivadas por parte do adxudicatario non implicará ningunha responsabilidade para a Deputación, o contratista asumirá calquera continxencia que derive de tal incumprimento.

18.2.- OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN

18.2.1 Posta ao dispor do Teatro

- Pór ao dispor do contratista o Teatro Colón e as súas instalacións.

18.2.2 Inclusión en información cultural

- Incluír o Teatro Colón nas listaxes, publicacións, folletos de carácter oficial nos que figure a oferta cultural e de lecer da provincia.

18.2.3 Plan de emerxencia e evacuación

- Dispor dun Plan de emerxencia e evacuación que porá ao dispor do adxudicatario.

18.2.4 Sinalización

- Colocar as sinalizacións oportunas para indicar que o teatro é titularidade da Deputación da Coruña.

18.3.- POTESTADES DA DEPUTACIÓN

Correspóndelle á Deputación a través da dirección técnica e no seu caso mediante o acordo do órgano de Contratación, o exercicio das potestades e prerrogativas establecidas nos artigos 210 e 282 do Texto refundido da lei de contratos do sector público, así como as especificadas no artigo 127 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

O exercicio destas prerrogativas farase logo da audiencia previa do contratista e garantindo neste caso o equilibrio financeiro do contrato.

18.4.- DEREITOS DO CONCESIONARIO

- 1- Prestar o servizo durante a vixencia do contrato
- 2- Utilizar os bens e instalacións do Teatro Colón
- 3- Recibir da Deputación a colaboración para o exercicio das súas funcións

18.5.- RELACIÓNS E CONTRATOS DO CONCESIONARIO CON TERCEIROS

As relacións do concesionario con terceiros non suporán a adquisición de obrigacións para a Deputación.

Os contratos entre o concesionario e terceiros finalizarán ao extinguirse a concesión.

Os danos e perdas que se poidan ocasionar a terceiros non xerarán ningún tipo de responsabilidade para a Deputación, e serán asumidos integramente polo concesionario ou polo terceiro con quen contraten.

En todo caso o concesionario deberá ter asegurada a súa responsabilidade.

19.- CONTROL FINANCEIRO PERMANENTE

1. O adxudicatario será sometido a un control financeiro por parte da Intervención provincial, deberá entregar con carácter anual e ante este órgano a seguinte documentación:

- Conta de resultados referida unicamente á actividade económica realizada no Teatro Colón ao abeiro deste contrato. A devandita conta terá que conter información detallada dos gastos de persoal, gastos de mantemento, gastos dos contratos de servizos e outros que sexan necesarios para o adecuado cumprimento do programa ofertado.

- Liquidación - resumo dos ingresos percibidos por cobranza das tarifas no Teatro Colón a cargo dos usuarios.

- Incluída na conta de explotación, darase conta da achega calculada segundo a cláusula 2. B.1

2. Á parte da documentación sinalada no apartado 1, a Intervención da Deputación provincial poderá esixir calquera outro documento ou informe, nos termos establecidos no art. 222 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais. E sen prexuízo deste control interno, a actividade realizada no Teatro Colón tamén quedará sometida, como resulta obrigado, ao control externo que poida realizar o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, o Tribunal de Contas.

20.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Composición:

A Comisión estará integrada por:

A) En representación da Deputación:

- O presidente da Deputación, que actuará como presidente da Comisión
- O deputado/a responsable da área de Cultura da Deputación
- 1 deputado por cada un dos grupos políticos da Deputación, designados polo presidente, a proposta do correspondente grupo político.
- un técnico designado polo presidente da Deputación

- o interventor

-o interventor adxunto da Deputación

B) Catro representantes designados polo adxudicatario.

C) Secretario: actuará como secretario o xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación por delegación do secretario xeral da Deputación, con voz pero sen voto.

O presidente da Comisión, en caso de empate, terá voto de calidade.

2 Funcións:

2.1 Verificar as actividades que se han desenvolver en cada exercicio, de acordo co programa presentado polo adxudicatario.

2.2 Coñecer o orzamento das actividades no que se acredite que o adxudicatario dea cumprimento ás súas obrigacións económicas e financeiras establecidas para cada exercicio con especificación dos ingresos e gastos.

2.3 Seguimento das actividades.

2.4 Informar da actualización do prezo ou prezos dos distintos espectáculos ou servizos que se realicen con contraprestación económica.

2.5 Coñecer a memoria detallada das actividades realizadas e as contas da xestión económica.

2.6 Resolver en primeira instancia cantas dúbidas poidan xurdir na interpretación das bases que han de rexer a concesión da xestión do teatro. En todo caso as facultades de interpretación corresponderanlle ao órgano de Contratación.

21.- MANTEMENTO TÉCNICO

A Deputación poderá comprobar en calquera momento, a través dos servizos técnicos competentes (Arquitectura, Enxeñería e Mantemento, Patrimonio e Contratación) o estado de mantemento das instalacións, medidas de seguridade, cumprimento de normativas, inventario e conservación dos bens por parte do adxudicatario, para o que este deberá facilitar toda a súa colaboración.

22.- RÉXIME SANCIONADOR

1. Considérase infracción calquera acción ou omisión por parte do concesionario que supoña o incumprimento das obrigacións impostas neste prego ou en contravención do establecido na lexislación vixente.

As infraccións cualifícanse como: a) leves; b) graves e c) moi graves, segundo as circunstancias concorrentes e atendendo ao maior ou menor prexuízo que con elas se causa ao funcionamento do servizo público en xeral.

2. Cualificaranse como LEVES as seguintes infraccións:

2.1 Non iniciar a prestación do servizo no prazo establecido no presente prego sempre que o atraso non exceda de 15 días, por causas non xustificadas.

2.2 Deixar de prestar o servizo obxecto da concesión, con carácter unilateral, por un período comprendido entre 10 e 15 días, por causas non xustificadas.

Consideraranse causas xustificadas os días de peche anual por vacacións ou aqueloutros que non estean incluídos na programación anual aprobada para o efecto pola Comisión de Seguimento.

2.3 As deficiencias de limpeza das instalacións que non sexa reiterada e que non teña o grao de sucidade.

2.4 Calquera incumprimento do prego que non cause prexuízo apreciable ao funcionamento do servizo ou ao público en xeral, por causas non xustificadas.

3. Cualificaranse como GRAVES as seguintes infraccións:

3.1 Non iniciar a prestación do servizo no prazo establecido no presente prego, sempre que o atraso exceda de 16 días e non exceda de 30 días, por causas non xustificadas.

3.2 Deixar de prestar o servizo obxecto de concesión, con carácter unilateral, por un período comprendido entre 16 e 30 días, por causas non xustificadas.

Consideraranse causas xustificadas os días de peche anual por vacacións ou aqueles outros que non estean incluídos na programación anual aprobada para o efecto pola Comisión de Seguimento.

3.3 A falta de conservación adecuada do local ou dalgunha das súas instalacións dentro das obrigacións que correspondan ao concesionario.

3.4 Incumprir a normativa que resulte aplicable sobre horarios ou emisión de ruídos.

3.5 A reiteración na comisión de infraccións leves.

3.6 Calquera outro incumprimento do prego ou da lexislación vixente que non se cualifique como leve ou moi grave e poñan en perigo a boa prestación do servizo público, incluída a desobediencia ás ordes de modificación.

4 Cualificaranse como INFRACCIÓNS MOI GRAVES:

4.1 Non iniciar a prestación do servizo no prazo establecido no presente prego e o atraso exceda de 31 días, por causas non xustificadas.

4.2 Deixar de prestar o servizo obxecto da concesión ou alterar substancialmente a programación acordada, sen causa xustificada durante máis de 31 días, por causas non xustificadas.

4.3 Traspasar ou ceder, directamente ou indirectamente a explotación do Teatro, salvo aprobación expresa previa por parte da Deputación da Coruña.

4.4 A falta de respecto co público ou usuarios do servizo.

4.5 A discriminación por motivos raciais, sexo, relixión, nacionalidade, ou por calquera outra circunstancia persoal, etc.

4.6 Incumprir as obrigacións que respecto do seguro se establecen no presente prego.

4.7 Incumprimento das condicións hixiénico - sanitarias das instalacións ou a sucidade manifesta.

4.8 A comisión de calquera outra infracción grave antes de transcorrer un ano desde a comisión noutra da mesma natureza.

5 .-Sancións

Procedemento:

Todas as sancións imporanse logo do expediente previo no que antes de ditarse resolución, se dará audiencia ao interesado, por termo de 8 días, con vista

das actuacións do expediente.

- Por infraccións leves:

Sancionarase con multa de 150 a 600 euros

- Por infraccións graves:

Sancionarase con multa de 601 a 3.000 euros

A comisión reiterada de 3 ou máis infraccións graves facultará á administración a declarar o secuestro da concesión.

- Por infraccións moi graves:

Sancionarase con multa de 3.001 a 30.000 euros.

A comisión reiterada de 3 ou máis infraccións moi graves, así como levantado o secuestro o concesionario volvese incorrer nas infraccións que o determinou ou noutras similares, a administración procederá á declaración da caducidade.

As multas cuantifícanse de maneira que nunca sexan inferiores ao beneficio económico obtido polo concesionario por cometer a infracción, nin ao prexuízo do interese público ocasionado por esta.

O secuestro e a caducidade da concesión regularase polo disposto no Regulamento de servizos das corporacións locais.

23.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán as establecidas nos art. 286 a 288 do TRLCSP.

No entanto transcorridos 3 anos de xestión do Teatro, se o concesionario non conta cos ingresos suficientes derivados de patrocinios e sempre que o xustifique adecuadamente, poderase resolver o contrato por mutuo acordo logo da comunicación previa irrefutable do concesionario presentada en Rexistro xeral da Deputación cunha antelación de 4 meses.

O incumprimento polo contratista de calquera cláusula contida no prego autoriza á Deputación a esixir o seu estrito cumprimento ou ben a acordar a resolución do contrato nos supostos de incumprimento das obrigacións esenciais e sen prexuízo das sancións a que se refire a cláusula anterior. Para estes efectos considerarase incumprimento das obrigacións contractuais esenciais a contravención das obrigacións establecidas en todos os apartados da cláusula 18.1

A resolución por incumprimento comportará a incautación da garantía definitiva e a esixencia de danos e perdas.

24.- INSPECCIÓN PREVIA Á REVERSIÓN

Polo menos, dous meses antes do remate da concesión, os servizos técnicos aos que se refire a cláusula 21 do presente prego en funcións de intervención técnica informará do estado de conservación das instalacións e sobre as reparacións e reposicións necesarias para que o Teatro se entregue nas condicións de uso adecuadas segundo o establecido no art. 131 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Así mesmo comprobará a adecuación dos bens existentes no Teatro co inventario de bens da Deputación adscritos ao Teatro, debendo repor ou reparar o adxudicatario calquera ben que falte ou que estea deteriorado ou en deficiente estado de conservación ou funcionamento, deberá aboar en caso contrario o seu valor económico a prezos actuais.

A Deputación poderá ordenar a reparación ou a reposición dos bens ou instalacións que non reúnan as condicións adecuadas, e no caso de que non se

cumpran os requirimentos da Deputación, a institución provincial poderá realizar as ditas reparacións ou reposicións por conta do adxudicatario, ben con cargo á garantía definitiva ou polo procedemento de prema, con esixencia de danos e prexuízos.

25.- REVERSIÓN

Ao termo da concesión, ben sexa por cumprimento do prazo ou por calquera das cláusulas establecidas neste prego, o concesionario obrígase a deixar libre e ao dispor da Deputación o inmovible do teatro Colón que reverterá na Deputación con todas as instalacións e equipamentos, tanto as que teñan carácter de fixas como as incorporadas ao servizo, dentro do prazo de 30 días, contados desde a data de terminación ou notificación da resolución de que se trate, sen que a Deputación teña que aboar por esta circunstancia cantidade ningunha.

O concesionario recoñece a potestade da Deputación para acordar e executar pola súa propia autoridade o lanzamento, sen necesidade de apercibimento nin requirimento ningún, cando transcorrido o prazo indicado, os bens obxecto de reversión non queden á libre disposición da Corporación.

Ao finalizar a concesión, o concesionario deberá entregar a documentación, a copia de todos os contratos de subministración de enerxía eléctrica, auga, gas ,etc para os efectos de que coa autorización previa da Deputación se dean de baixa os devanditos contratos ou cambiar a súa titularidade.

26.- PRERROGATIVAS, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Compételle ao órgano de Contratación as prerrogativas de interpretar o convindo, modificar as prestacións por conveniencia do servizo e de suspender a súa execución por causa de utilidade pública, indemnizando no seu caso, os posibles danos e perdas ocasionados, nos termos establecidos na Lei de contratos das administracións públicas. Para tal fin o órgano de Contratación poderá contar cun órgano de apoio técnico de seguimento ordinario do contrato en todos os seus aspectos.

O presente contrato de xestión de servizo público na súa modalidade de concesión ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e no seu caso da comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución e disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de Contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra elas haberá lugar a recurso contencioso administrativo, conforme co disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, logo da interposición previa, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

REGULAMENTO DO SERVIZO QUE CONTÉN AS NORMAS DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E FUNCIONAMENTO DO TEATRO COLÓN

INTRODUCCIÓN

A Deputación provincial da Coruña considera que o acceso á cultura recoñecido pola Constitución (art. 44) e á que todos teñen dereito, debe ser promovido mediante a realización e fomento do maior número de actividades culturais, para atender as demandas que esixe unha sociedade que considera valor prioritario para o desenvolvemento humano o goce da cultura en todas as súas manifestacións.

Para iso, e como unha liña máis de desenvolvemento de actividades culturais, a Deputación Provincial da Coruña pon en marcha a través dun contrato de concesión a realización de actividades culturais no Teatro Colón.

O Teatro Colón é de titularidade da Deputación Provincial da Coruña e está situado na Avda. da Marina s/n e foi acondicionado e restaurado pola institución provincial, quen realizou un extraordinario esforzo investidor para que o local dispoña dunhas magníficas e modernas instalacións que posibiliten a realización de toda clase de espectáculos nas mellores condicións técnicas, acústicas e de visibilidade, e con un alto nivel de calidade, para unha capacidade de 937 localidades, das que son plenamente operativas 845, dotadas do maior confort.

A través do contrato de concesión, a Deputación combinará a xestión directa (pois no prego figura a reserva de uso do Teatro por parte da Deputación, polo menos 15 días ao ano para actividades culturais promovidas pola institución provincial), e a xestión indirecta propiamente dita, a realizar pola iniciativa privada. Desta maneira a Deputación e os cidadáns obteñen as vantaxes de ambos os sistemas. E deste xeito asegúrase aos cidadáns da provincia unhas maiores opcións de servizos culturais, dado que a Deputación tamén conta cun programa específico de actividades culturais para os municipios da provincia, pondo especial énfase na potenciación da lingua e a cultura galega.

A realización das actividades culturais a través dunha programación estable, de calidade e aberta a todos os cidadáns, enmarcada en pautas de actuación democráticas e de acordo cos principios e valores constitucionais e estatutarios e tendo como eixo a liberdade de expresión artística, enténdese que debe concibirse lonxe de calquera pretensión de dirixismo.

Por iso desde a institución provincial considérase que os verdadeiros protagonistas da actividade cultural deben ser a sociedade, os autores, intérpretes, produtores, directores e demais axentes que interveñen na concepción e desenvolvemento de actividades culturais, así como os municipios, e por tanto, o labor

da institución provincial debe centrarse en fomentar e alentar as iniciativas culturais libres.

Con base nos antecedentes expostos, establécense as presentes normas de funcionamento do servizo, referidas unicamente ao Teatro Colón.

I.- OBXECTO

1.- OBXECTO.- As presentes normas teñen por obxecto establecer as condicións de uso do Teatro Colón para ofrecerlles aos cidadáns o goce da cultura nas súas diversas manifestacións.

2.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN.- As presentes normas serán de aplicación a todas as actividades que se realicen exclusiva e unicamente no Teatro Colón, de acordo co prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios da xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión.

II.- DEREITOS DOS USUARIOS

3.- DEREITO Á IGUALDADE.- Os usuarios teñen dereito a ser admitidos como espectadores das actividades que se realicen en condicións de igualdade, e por tanto non poden ser discriminados por razón de raza, sexo, nacionalidade, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal.

4.- DEREITO DE DETERMINADOS COLECTIVOS.- Os desempregados, estudantes e terceira idade e outros colectivos que se estableza, poderán obter descontos naqueles espectáculos que se inclúan con este carácter na oferta cultural que realice o adxudicatario ou a Deputación.

Nos casos en que un determinado espectáculo teña carácter gratuíto, o acceso realizarase mediante criterios obxectivos

5.- DEREITO A ASISTIR E CONTEMPLAR O ESPECTÁCULO.- Os usuarios teñen dereito a contemplar o espectáculo polo que aboaron ou recibiron unha entrada, nas mellores condicións de comodidade e confort posibles.

6.- LIMITACIÓN POR CAPACIDADE.- Os dereitos establecidos nos artigos 3 ,4 e 5 teñen como límite a capacidade do Teatro.

7.- DEREITO A UNHA ATENCIÓN ADECUADA.- Os usuarios teñen dereito a ser tratados con amabilidade, cortesía e respecto e a ser atendidos de maneira dilixente

8.- DEREITO DE INFORMACIÓN.- Os cidadáns teñen dereito a ser informados coa suficiente antelación da oferta cultural programada, así como das datas, horarios, lugares e modalidades de venda das localidades e demais características dos espectáculos ou actividades culturais.

Entre outros medios de información, o concesionario disporá dunha páxina web onde se poderá consultar permanentemente esta información.

9.- DEREITO A PARTICIPAR.- Os cidadáns poderán proporlle á Deputación ou ao concesionario aqueles espectáculos que estimen convenientes para que estes estuden a posibilidade ou conveniencia da súa realización.

10.- LIBRO DE RECLAMACIÓN.- Os usuarios terán á súa disposición no Teatro Colón un libro de reclamacións para o seu coñecemento pola Deputación e a adopción no seu caso das medidas correspondentes.

11.- CAIXA DE CORREOS DE SUXESTIÓNS.- Os usuarios terán á súa disposición, no Teatro Colón, unha caixa de correos de suxestións, relativas a melloras na prestación do servizo ou calquera outra suxestión.

O concesionario deberá remitir unha copia destas á Deputación.

No entanto, os usuarios poderán presentar directamente as ditas suxestións na Deputación Provincial da Coruña.

12.- DEREITO Á DEVOLUCIÓN DO PREZO.- Nos casos de suspensión de espectáculos, o usuario terá dereito á devolución do prezo da localidade ou á entrega dunha nova entrada (no caso de que o espectáculo ou función, se pospoña a outra data), e sempre que este dereito se exercite dentro dos prazos razoablemente suficientes que estableza a organización. Para estes efectos a organización comunicará e difundirá inmediatamente os prazos, lugares e datas onde os usuarios poderán facer valer este dereito.

III.- DEBERES DOS USUARIOS

13.- DEBER DE ABOAR O PREZO.- O usuario que queira acceder a un espectáculo ou actividade, deberá aboar as tarifas establecidas para ela, agás naquelas actividades que teñan carácter gratuíto.

Nin a Deputación nin o concesionario garanten a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declinan toda responsabilidade.

Non se admitirán devolucións nin cambios de entradas, salvo o establecido no artigo 12 das presentes normas.

14.- DEBER DE RESPECTAR AS COLAS.- Os usuarios deberán respectar a orde establecida para as colas en despachos de billetes ou para os accesos (entradas e saídas) aos espectáculos.

15.- RESPECTAR O HORARIO.- Os usuarios deberán acceder ao Teatro Colón ou aos locais coa debida antelación, non terán dereito a acceder á sala unha vez iniciada a representación, sen prexuízo de que poidan esperar a incorporarse nos descansos da representación, sempre que a organización o estime procedente.

16.- DEBER DE RESPECTO E TOLERANCIA.- Os usuarios deberán gardar o debido respecto aos intérpretes e as demais persoas que interveñen nos espectáculos, así como ao público, gardando a debida compostura e silencio durante as representacións.

Os usuarios deberán desconectar as alarmas dos reloxos e silenciar os teléfonos móbiles durante toda a representación.

17.- PROHIBICIÓN DE FUMAR E DISTRIBUÍR BEBIDAS ALCOHÓLICAS.- De conformidade co disposto na Lei 28/2005 do 26 de decembro, modificada pola Lei 42/2010 do 30 de decembro, de prevención de tabaquismo os usuarios non poderán fumar en ningunha instalación do Teatro Colón. Tampouco se poderá vender, distribuír ou facilitar bebidas alcohólicas.

18.- PROHIBICIÓN DE GRAVAR.- Prohíbese filmar ou gravar os espectáculos, así como o uso de flash, salvo que o autorice expresamente a organización.

19.- DEBER DE RESPECTAR As INSTALACIÓNS.- Os usuarios deberán respectar todos os bens e instalacións do Teatro, evitando a súa deterioración. Igualmente non poderán tirar papeis, envases, comida, bebidas e calquera outro obxecto, contribuíndo a que o Teatro se conserve en adecuadas condicións de limpeza. Así mesmo, deberán utilizar adecuadamente os aseos co fin de que se manteñan nas mellores condicións hixiénico-sanitarias, queda, así mesmo, prohibida a realización de grafitis ou pintadas.

20.- DEBERES EN CASO DE EMERXENCIA.- Os usuarios terán a obrigaición de seguir as instrucións que se diten en caso de existencia dalgunha situación de perigo derivada de incendio ou calquera outro risco, actuando sempre con calma e serenidade.

IV.- OBRIGACIÓNS DO CONCESIONARIO

21.- CUMPRIMENTO DE NORMATIVAS.- O adxudicatario deberá cumprir a normativa laboral e de seguridade social, seguridade e hixiene no traballo, prevención de riscos laborais, espectáculos públicos, mantemento e seguridade das instalacións e calquera outra norma de carácter obrigatorio aplicable a estas actividades.

22.- OBRIGACIÓNS RESPECTO DA DEPUTACIÓN.- O concesionario deberá cumprir as obrigacións derivadas do prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión.

23.- OBRIGACIÓNS ESPECIFICAS RESPECTO DOS USUARIOS.- O concesionario deberá garantir o exercicio dos dereitos dos usuarios que se indican nos artigos do 3 ao 12 da presente norma.

Así mesmo, o concesionario terá en conta que as diversas manifestacións culturais se realizarán respectando a liberdade de expresión artística e observando os principios e valores constitucionais e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como os recollidos nos tratados e convenios sobre dereitos humanos, protección da infancia e a mocidade, etc. Neste sentido o concesionario informará o público das características das obras ou espectáculos e ao tipo de público ao que van destinados.

24.- OBRIGACIÓNS RESPECTO DOS INTÉRPRETES E COMPAÑÍAS.- O concesionario deberá atender adecuadamente aos intérpretes e compañías que actúen no Teatro, prestándolles a súa colaboración e de acordo cos contratos que subscriba con eles.

25.- OBRIGACIÓNS A RESPECTO DE USUARIOS CON DISCAPACIDADE.- O concesionario deberá cumprir a normativa de accesibilidade e facilitar a súa maior colaboración en relación coa entrada, permanencia e saída do local a persoas discapacitadas.

26.- MANTEMENTO DO EQUIPO DE DESFIBRILACIÓN.- O concesionario deberá manter en perfecto estado de funcionamento o equipo de desfibrilación semiautomático. Para estes efectos o adxudicatario deberá esixir do persoal do Teatro que realice os cursos de formación e perfeccionamento para a utilización destes equipos

27.- DIFUSIÓN DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO .- O concesionario deberá manter durante toda a vixencia do contrato , de forma facilmente accesible na súa páxina web , o texto integro das presentes normas ou as súas modificacións.

V.- DEREITOS DO CONCESIONARIO

28.- DEREITOS DO CONCESIONARIO.- Serán os establecidos no Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión.

VI.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN

29.- DEREITOS E OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN.- Serán os establecidos no Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do Teatro na modalidade de concesión.

VII.- AVALIACIÓN DE CALIDADE

30.- A Deputación avaliará anualmente a calidade do servizo tendo en conta entre outros factores

A: os resultados das enquisas aos usuarios e cidadáns

B: número de usuarios e grao de ocupación

C: informes de expertos sobre a calidade do servizo

D: número de consultas realizadas na páxina web

E: queixas presentadas

F: suxestións formuladas

G: felicitacións ou críticas recibidas.

VIII.- VIXENCIA

31.- VIXENCIA.- As presentes normas iniciarán a súa vixencia no momento da adjudicación do contrato para a xestión do Teatro Colón na modalidade de concesión e durante a súa vixencia, poderán ser modificadas polo Pleno da Corporación logo dos trámites previos correspondentes.

13.-RATIFICACIÓN DO ACORDO DE CESIÓN DO USO DOS TERREOS DO MONTE COSTA AO CONCELLO DE CULLEREDO CON MODIFICACIÓN DOS USOS AOS QUE SE PODEN DESTINAR OS TERREOS E AUTORIZACIÓN DE MOVEMENTOS DE TERRA E DESMONTE.

INTERVENCIONES

Sr. Freire Abeijón

Despois da conversación mantida co representante do Grupo Socialista expomos a posibilidade de transaccionar o texto de tal forma que se inclúa a posibilidade de, onde establece que a supervisión dos traballos de desmonte e movemento de terras realizaraos a Deputación a través dos servizos técnicos provinciais de Vías e Obras, incluír “..sen prexuízo da colaboración dos servizos técnicos municipais”. Esta modificación entendemos que posibilita a colaboración e a participación dos servizos técnicos municipais, a pesar de que en caso dalgunha disquisición ou controversia prevalecería o criterio dos servizos técnicos municipais.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. En primeiro lugar agradecer ao Grupo Popular que aceptase a emenda que presentamos na Comisión cando debatemos este tema, no sentido de que fose o Concello ou AENA quen tivesen que pedir os permisos e as licenzas necesarias para facer o desmonte de Monte Costa e aceptamos tamén a transacción que nos ofrecen agora. Creo que a proposta que nos fai satisfai as nosas esixencias, e damos por boa esa emenda. A partir do momento en que votemos quedará o punto redactado literalmente da seguinte forma: “A supervisión dos traballos de desmonte e movemento das terras realizaraos a Deputación a través dos servizos técnicos provinciais de Vías e Obras, sen prexuízo da colaboración dos servizos técnicos municipais.”

A continuación vótase a emenda, que é aprobada por unanimidade, e logo vótase o ditame coa emenda incorporada, sendo aprobado tamén por unanimidade:

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Ratificar a cesión de uso dos terreos do Monte Costa, propiedade da Deputación, ao Concello de Culleredo acordada polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o 25 de setembro de 1992 de tal modo que a cesión de uso se establece para as seguintes finalidades:

- a) Deportivos públicos
- b) Culturais públicos
- c) Recreativos públicos
- d) Parque Público

De conformidade co establecido no art. 111 do Regulamento de bens das entidades locais, entenderase que os fins para os que se autoriza a cesión de uso deberán cumprirse no prazo máximo de 5 anos, debendo manterse o seu destino durante os 30 anos seguintes.

Transcorrido o devandito prazo os bens cedidos en uso reverterán no patrimonio da Deputación con todas as súas pertenzas e accesorios.

2º.- Autorizar o movemento de terras e desmonte do Monte Costa ata a cota establecida no plano de perfís, achegado polo concello ao expediente co fin de permitir os usos indicados no apartado anterior e conforme as seguintes condicións:

- A) O Concello ou AENA, segundo proceda, deberán obter todas as autorizacións, licenzas e permisos que procedan ante as administracións estatal, autonómica e local, que sexan competentes por razón da materia
- B) A supervisión dos traballos de desmonte e movemento de terras realizaraas a Deputación a través dos Servizos Técnicos Provinciais de Vías e Obras sen prexuízo da colaboración dos servizos técnicos municipais.

3º.- Aprobar a valoración pericial formulada polos Servizos de Arquitectura e de Vías e Obras Provinciais que atribúe o prezo de 1 euro/m³ (prezo ao que hai que engadir o imposto sobre o valor engadido de acordo coas normas reguladoras do devandito tributo).

4º.- O adxudicatario das obras de movemento de terras e desmonte necesarias para a finalidade pretendida deberá ingresar na Deputación provincial, ben mediante autoliquidación tramitada nos servizos centrais de atención ao contribuínte (pódese xestionar telefonicamente ou por correo electrónico) ou en calquera oficina recadatoria da Deputación, ben mediante transferencia á conta 2080-0000-78-3110002858, os importes que resulten nas condicións que se establecen a seguir:

- a) 280.000 euros + IVE en concepto de liquidación provisional que corresponde ao 20% da estimación inicial de 1.900.000 m³ do volume total de extracción que se ingresarán no prazo máximo de 1 mes contado desde a formalización do contrato
- b) Mensualmente, nos 10 primeiros días naturais, de cada mes, o importe da extracción realizada no mes anterior de acordo coa medición efectuada polos Servizos Técnicos Provinciais.
- c) No prazo máximo de 1 mes a contar da recepción das obras, que lle será comunicada polo Concello á Deputación, procederase á medición final e á liquidación definitiva. No caso de que a liquidación definitiva sexa positiva o contratista deberá ingresar na Deputación o importe resultante. Se o saldo resultante fose a favor do contratista a Deputación ingresará o importe efectivo na conta que o contratista designe para o efecto.

5º.- O Concello de Culleredo deberá garantir a idoneidade do estado final dos viarios, monte e das instalacións que finalmente se sitúen nos terreos resultantes.

Tamén corresponde ao Concello de Culleredo a elaboración, tramitación e execución do proxecto de recuperación estética, paisaxística e ambiental do devandito terreo, previa comunicación á Deputación.

6º O acordo de cesión será obxecto de exposición ao público nos termos dispostos no artigo 110 do Regulamento de bens das entidades locais considerándose definitivamente aprobada se non se formularsen reclamacións.”

14.-APROBAR A 1ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PROXECTO MANDEO COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a actuación que deseguido se indica, que desenvolven o contido do proxecto reformulado denominado "Mandeo. Posta en valor das concas fluviais 1ª fase: río Mandeo", financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013

1º.- Aprobar a primeira fase da anualidade 2012 do proxecto Mandeo na que se inclúen as actuacións que deseguido se indican, que serán contratadas por esta Deputación:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	2012
		Feder
		Deputac
		Total
12.2800.0058.0	Presentac. candidatura Reserva Biosfera Pr.Mandeo	49.560,00
		21.240,00
		70.800,00
		49.560,00
T O T A L 1ª fase anualidade 2012		21.240,00
		70.800,00

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do Orzamento provincial para o exercicio 2012.

3º.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

15.-APROBAR A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “2ª FASE SANEAMENTO EN SORRIZO”, DO CONCELLO DE ARTEIXO, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2010, CO CÓDIGO 10.2100.0015.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “2ª fase saneamento en Sorrizo” do Concello de Arteixo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, co código: 10.2100.0015.0, que supón un cambio do trazado dalgún tramo das obras incluídas no proxecto orixinal.

Código	Concello	Denominación	Datos co 18% de IVE			
			Deputación Fondos propios	Deputación Préstamo	Concello.	Orzamento Total
10.2100.0015.0	Arteixo	2ª Fase saneamento en Sorrizo	113.769,47	73.953,69	37.618,98	225.342,14”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Regueira Varela

O pasado mes de decembro o Grupo do BNG nesta Deputación, tendo coñecemento pola prensa escrita da elaboración do estudo económico-financeiro dos municipios da provincia referente ao período 2007-2010, solicitou verbalmente ao responsable político da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, que se lle facilitase unha copia del para o seu estudo. Posteriormente nun escrito rexistrado o 12 de xaneiro de 2012, o BNG solicitou de novo o acceso a esa documentación e reiterou esa petición no Pleno de xaneiro, ao que contestou o Sr. presidente que o Grupo recibiría resposta por escrito, adiantou xa o Sr. presidente que o estudo solicitado só se enviaba de forma individualizada a cada concello, debendo ser esta administración local a única destinataria dos informes.

No escrito asinado polo Sr. presidente, sorprendentemente, indícase que o contido do estudo económico-financeiro só afecta e interesa aos respectivos concellos, sen que sexa de utilidade para a administración provincial, para a toma de decisións dos seus propios órganos de goberno. Fronte á dita argumentación, o artigo 77 da Lei de bases de réxime local establece o dereito dos membros dunha Corporación local a obter cantos antecedentes, datos e informacións consten en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

Doutra banda, hai diferentes sentenzas do Tribunal Supremo, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que reafirman o noso dereito a obter copia dese estudo. Aínda así, o Sr. presidente da Deputación, desde o inicio deste mandato ten entre as súas prioridades políticas un cambio no mapa territorial dos concellos da provincia, prioridade e preocupación que, polas súas propias manifestacións, baséase na grave situación económico-financeira dos servizos municipais de moitos dos concellos da provincia. Por outra banda, nesta liña de traballo, o Sr. presidente da Deputación mantivo nos últimos meses diferentes reunións e conversacións para sondar as posturas dos alcaldes da provincia respecto das posibles modificacións do mapa territorial.

É evidente que para que a Corporación provincial no futuro poida dar pasos nunha ou outra dirección, respecto das novas fórmulas administrativas que permitan o mantemento dos servizos municipais de calidade, resulta imprescindible o coñecemento da situación económico-financeira do conxunto dos concellos que conforman a provincia, polo que non se pode argumentar que o estudo económico-financeiro que elaboran os propios servizos económicos da Deputación non é de interese para os grupos políticos que integran a Corporación provincial. É obvio que o citado estudo é un elemento máis a ter en conta á hora de adoptar decisións sobre o futuro dos concellos desta provincia, por iso é polo que a deputada e os deputados do BNG consideremos preciso para o desenvolvemento da nosa función o acceso a esa documentación. Por tanto, solicitamos que se acorde que se poña ao dispor dos grupos políticos provinciais o estudo económico-financeiro dos municipios da provincia, referente ao período 2007-2010, así como calquera outro documento que conste nos servizos da Deputación e que resulte preciso para o desenvolvemento das funcións das deputadas e dos deputados provinciais.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, empezarei dicindo que nós imos votar a favor desta moción, e creo que non sería necesario presentar unha moción para isto, porque creo que é un dereito que nos asiste aos deputados ter toda a información que elabore esta Deputación. Nós non temos dereito a que nos dean información sobre un expediente cando se está tramitando, pero unha vez que se finaliza a tramitación do expediente temos dereito, como membros desta Corporación, para ter acceso a toda esa información, porque é unha información pública. Por tanto, non sería necesario presentar unha moción aínda que no caso que nos atopamos si é necesario. E vouno argumentar dunha forma moi simple.

O pasado día 9 de febreiro o Grupo Socialista rexistrou nesta Deputación un escrito dirixido ao Sr. presidente desta Deputación, do cal vou dar lectura, e expresa claramente cal é a posición do Grupo Socialista:

“Salvador Fernández Moreda, portavoz do Grupo Socialista, expón:

Primeiro: Como todos os anos, os servizos provinciais elaboraron un estudo sobre a situación económico-financeira dos concellos da provincia.

Segundo: Este estudo elabórase a partir de datos que figuran na liquidación dos orzamentos municipais, que son públicos e de xeral coñecemento.

Terceiro: Esta información non pertence nin á Deputación nin ao equipo de goberno, senón que é un instrumento de utilidade para toda a Deputación, da que forman parte tamén a oposición e os grupos políticos que a conforman, e non contén ningunha información reservada nin protexida pola Lei de protección de datos, ao tratarse de información da xestión de entes locais públicos sometidos ao principio de transparencia e publicidade.

Cuarto: É unha información que pode resultar de gran utilidade para o labor que realizan os grupos políticos e os deputados.

Polo exposto, solicita: Que se lle facilite aos grupos políticos desta Corporación un exemplar do devandito estudo.”

Por tanto, este é o argumento que o Grupo Socialista achega neste debate desta moción, que non é máis que a simple lectura dun escrito rexistrado o pasado 9 de febreiro, dirixido ao presidente desta Corporación, e que reitero, non é unha petición nin un favor que debamos de presentar, é un dereito que temos, é unha información pública e ademais é bo dála porque mellora a transparencia e a publicidade que son principios do bo goberno que estamos a demandar para todas as administracións públicas.

Sr. Freire Abeijón

Estariamos dispostos a manter unha reunión cos portavoces dos distintos grupos para tratar máis detalladamente esta situación, pero ao noso entender o problema está na utilización que se fai en moitas ocasións destes estudos. É un documento que non afecta nin incide na xestión do goberno provincial, nin tampouco forma parte integrante das funcións de control que os membros da Corporación teñen sobre estes órganos e de tal forma nin sequera esta información é levada a ningún tipo de estudo ou Comisión Informativa. Estes informes individualizados remítense a cada concello, debendo ser a administración municipal o único destinatario orixinal deles, e a quen deben dirixirse as solicitudes de entrega dos devanditos informes. Sería potestativo que cada un deses concellos, a través dos grupos que teñen representación municipal, fixesen partícipes, ou fixesen chegar esa documentación aos representantes dos distintos grupos con representación no concello, pero nós entendemos que se trata de documentos individualizados de cada un dos concellos, a pesar de que se presentan agrupados nun único tomo, e que independentemente de que non nos negamos a valorar esta cuestión en maior profundidade, a utilización pública que se fai de moitos destes documentos pode comportar a que mesmo os propios concellos da provincia se sintan afectados ou prexudicados pola publicidade de determinada información interna e que, como consecuencia diso, poidan mostrar o seu rexeitamento a que se faga este estudo económico-financeiro. Ese é o motivo, e non outro, non pretendemos ocultar, nin por dificultades para o acceso de ningún tipo de información a ningún deputado, pero entendemos que non se trata dun documento de interese provincial, senón de interese municipal.

Sr. Presidente

Isto era para, en principio, debater a urxencia, pero xa case debatemos a moción. Por tanto, como non estaba incluída na orde do día, saben vostedes que primeiro debatemos a urxencia, evidentemente no debate da urxencia, tamén saben vostedes, que teñen máis experiencia que quen lles fala, que sempre se fala da moción, así que é evidente que, se lles parece votamos a urxencia, e temos unha segunda quenda, se alguén quere facer algunha aclaración a maiores.

Procédese a votar a urxencia da moción, e apróbase por unanimidade.

Sr. Regueira Varela

Moi brevemente, ten que ser terrible o que pon nese estudo económico-financeiro para que teñamos que andar con tanto sixilo con el. Os estudos públicos, públicos son, eu creo que os estudos que son de interese para a sociedade débese de coñecer a sociedade, e primeiro debemos de coñecelos os representantes políticos da sociedade porque temos que facer uso deles para tomar decisións. A min preocúpame pouco o uso que se poida facer dun estudo técnico sobre a situación financeira da provincia, eu creo que debía de ser de ámbito público realmente a situación real na que están os nosos concellos, para que os debates que despois se dan nos organismos, nas administracións, nos xornais e nas tabernas, que tamén se dan moitos, teñan razón de ser e saibamos todos do que estamos a falar. Por tanto é unha ferramenta básica para que tamén a sociedade tome as súas propias decisións, saiba de onde veñen as decisións que se toman nos ámbitos políticos e logremos entender un pouquiño todos de porqué está a falarse nestes momentos de certas cuestións das que non se falaba nos últimos anos. Por tanto, eu entendo que non temos que ter medo á transparencia, como dicía o portavoz do Partido Socialista, e que debemos de ser transparentes, é a obrigaón das administracións democráticas ser transparentes.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, pido desculpas porque eu metinme no debate da moción, porque me deron un caderno pequeno e como estaba xa no caderno pequeno pensei que estaba incorporado xa na orde do día, pido desculpas.

Moi brevemente, estamos a falar de dereitos, e cando un ten dereito, ten dereito, non se lle pode denegar un dereito porque non se sabe a utilización que se vai facer dese dereito. Cada un fará o uso que razoablemente crea que debe de facer, pero se a razón e o dereito nos asiste, é algo que nos corresponde, nada máis, e logo, creo que todos somos maiores e sabemos facer uso responsablemente da documentación e da información que temos. E, por suposto, haberá concellos que estean ben, concellos que estean regular e concellos que estean mal, e haberá concellos dunha cor que estean ben, doutra cor que estean ben, doutra cor que estean ben, e concellos dunha cor e doutra e doutra, que estean mal ou regular. Por tanto, aquí ninguén gaña se quere facer batallas políticas con isto, ninguén gaña, o que si é que é un instrumento importante para pensar en moitas cousas de futuro e tamén para controlar o labor que desde esta Deputación fai de cara aos concellos. Como é unha información pública que se fai con informacións públicas, que non afecta a ningunha Lei de protección de datos e que mellora a publicidade e a transparencia que, como dicía antes, son elementos fundamentais do principio dun bo goberno, o local neste caso, que estamos a defender todos, eu pido nesta sesión que, se é posible, e sen violentar nada, se nos facilite á oposición a mesma

información que teñen os distintos concellos da provincia, ou que ten calquera deputado do Grupo de goberno desta Corporación.

Sr. Freire Abeijón

Simplemente dicir que como ben apuntaba o portavoz do Grupo Socialista, a situación dos concellos da provincia é variada e variopinta, e non tan dramática como parece apuntar o deputado do BNG, pero o que si é certo é que este estudo vén realizando desde hai xa varios anos, que nós teñamos constancia, nesos últimos anos, non en todas as anualidades se fixo chegar ese informe a todos os grupos que integran esta Cámara, ese creo que é un dos motivos polos cales o Grupo de goberno empraza aos demais grupos para deliberar e a tratar este asunto noutro foro e a partir de aí chegar a unha conclusión. O que si é certo é que a situación económica de moitos deses concellos, se se fai unha utilización non adecuada e se difunden determinados datos, quen valora ou quen analiza eses datos posteriormente, posiblemente vai interpretar cuestións que non se cinguen estritamente á realidade e, lóxicamente, iso vai ter consecuencias para concellos independentemente de cales sexan as siglas políticas dos grupos gobernantes, pero a vontade deste Grupo é polo menos tratar en maior profundidade este asunto nunha reunión entre o tres portavoces. Grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 de PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Negreira Noya

Sr. presidente, vostede manifestou, dentro das súas prioridades, como antes mencionaba o meu compañeiro, o cambio de mapa territorial dos concellos da provincia. Nestes días assistimos pola prensa que vostede está a apoiar e xestionando novas formas de xestionar servizos municipais. Estamos, sen dúbida, ante un asunto tremendamente importante que está a levantar debate e ademais preocupación dentro da poboación da provincia e mesmo tamén no persoal dos concellos, e cremos que é un tema que non debe de ser improvisado, non coñecemos moi ben en base a que están a facer ese tipo de consorcios e cremos que debería de ser un tema que require estudo e, desde logo, debate suficiente dentro desta cámara, e por iso preguntámoslle se non pensou someter a debate e a estudo ese tema dentro desta cámara. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Mire vostede, a verdade é que na situación na que están moitos concellos son eles os que, na maior parte dos casos, se ven obrigados polas circunstancias a colaborar cos concellos do lado, e o que están a facer algúns alcaldes é mostrar o seu interese por prestar os mesmos servizos que viñan prestando cun menor custo, ou mesmo máis servizos co mesmo custo e nese sentido expresaron a vontade de poder colaborar para prestar determinados servizos, aí creo que está máis que xustificada sempre a presenza dunha institución como esta, en dar apoio, en dar asesoramento e, desde logo, en facer que os veciños non teñan que ter menos servizos derivados dunha situación económica preocupante para os entes locais que seguro que todos vostedes comparten.

Por tanto, todos aqueles que queiran compartir servizos, que queiran prestalos de maneira conxunta, van ter sempre un apoio nesta Deputación, de feito na orde de convocatorias publicada esta mesma semana, no criterio de baremación dos proxectos presentados, sabe vostede que leva unha puntuación adicional todos aqueles proxectos que se presenten de maneira conxunta, porque cremos, e iso é case asumido, non diría polo total da poboación, pero si por unha parte importante dela, isto é algo de sentido común. Por tanto, eses consorcios que algún alcalde quere facer, ou quere montar, ou que está a montar con outros alcaldes do lado, simplemente é para a prestación de servizos de maneira conxunta que, loxicamente, todos manifestaron que non son entes cerrados, senón que están abertos a que calquera concello limítrofe pola propia formación poida interesarse en formar parte del, hai algúns alcaldes que xa expresaron a vontade de tentar integrarse no seu momento, e o obxectivo da Deputación é prestar toda a axuda que poidamos para que eses servizos se poidan levar a cabo e, por tanto, non repercute ao final nos cidadáns.

De todos os xeitos, isto son iniciativas que saen dos propios alcaldes, auspiciadas polo momento no que estamos, pero de todos os xeitos non hai ningún problema en que se vostedes cren que é necesario, o tratemos na Comisión correspondente, expliquémolles cales son os tres consorcios que están presentados e como van os distintos pasos. Loxicamente non se lle escapa que para que a Deputación estea presente ten que iniciar un proceso administrativo que a día de hoxe non está iniciado, pero que iniciaremos nas seguintes Comisións e Plenos e, por tanto, terán oportuna información. Moitas grazas.

Sr. Negreira Noya

O importante é que se trate por igual a todos os concellos da provincia, que non sexa un tema absolutamente voluntario e dunha cor política determinada e por iso agradecemoslle que traia este tema ás comisións e que se faga unha formulación global. Moitas grazas.

Sra. Seixas Naia

Bos días a todos e a todas, unha cuestión moi breve. Gustaríame lembrarlle á deputada de Igualdade que o día 8 de marzo está próximo e que, por tanto, gustaríanos que o tivese presente, que é o Día Internacional das Mulleres, que é unha data eu creo que de reflexión, pero tamén de reivindicación, aínda que é evidente que temos que reflexionar e reivindicar todos os días do ano, en calquera caso gustaríame saber se hai algunha actividade preparada co gallo da conmemoración do Día Internacional das Mulleres. Grazas.

Sra. Rodríguez Pérez

Imos levalo á próxima Comisión, non a levamos a esta, que non nos deu tempo.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.